

PLENO DO PARLAMENTO

8 de abril de 2014

10.00 horas



ÍNDICE

	<u>Páx.</u>	
Convocatoria do Pleno	<u>1</u>	
Relación de membros da Cámara	<u>7</u>	
Listado para votación	<u>9</u>	
1.Textos legislativos	<u>12</u>	
1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais en Galicia (doc. núm. 9416, 09/PPL-000010)	<u>13</u>	
<i>Publicación do acordo, BOPG n.º 136, do 09.07.2013</i>		
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162, do 18.09.2013</i>		
<i>Publicación da asignación a Comisión e apertura de emendas, BOPG n.º 162, do 18.09.2013</i>		
<i>Publicación de emendas ao articulado, BOPG n.º 188, do 31.10.2013</i>		
<i>Publicación da toma en consideración, BOPG n.º 190, do 06.11.2013</i>		
<i>Publicación da designación da Ponencia, BOPG n.º 191, do 07.11.2013</i>		
<i>Publicación do informe da Ponencia, BOPG n.º 254, do 14.03.2014</i>		
<i>Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 258, do 21.03.2014</i>		
<i>Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG n.º 258, do 21.03.2014</i>		
1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego de consultas populares en Galicia (doc. núm. 586, 09/PPLI-000002)	<u>14</u>	
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 5, do 28.11.2012</i>		
2. Comparecencias en Pleno	<u>46</u>	
 20944 (09/CPP-000160) Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias		
 Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para informar da internacionalización da economía galega.		
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257, do 20.03.2014</i>		<u>47</u>
3. Mocións	<u>49</u>	
 3.1 21515 (09/MOC-000065) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Val Alonso, José Ramón e Méndez Romeu, José Luís		



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 16970, publicada no BOPG núm. 224, do 17.01.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014).....[50](#)

3.2 21521 (09/MOC-000066)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa privatización de servizos realizada polo Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 17972, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014).....[53](#)

3.3 21544 (09/MOC-000067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros sanitarios do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 17278, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014).....[56](#)

4. Proposicións non de lei en Pleno.....[59](#)

4.1 8523 (09/PNP-000646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto de calquera tipo de privatización do servizo do Rexistro Civil, e a demanda do Goberno galego ao Goberno central para que se manteña coas características e custo que se viñan ofrecendo.
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 119, do 12.06.2013.....[60](#)

4.2 16587 (09/PNP-001179)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román e 6 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de xeito conxunto coas universidades dun novo mapa de titulacións acorde coas demandas da sociedade galega.
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 226, do 21.01.2014.....[63](#)

4.3 17374 (09/PNP-001253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas de Galicia, singularmente coa da AP-9, e a recuperación da titularidade pública desta vía.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 230, do 04.02.2014 [67](#)

4.4 18201 (09/PNP-001314)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 6 máis

Sobre a estratexia de apoio á poboación xitana.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 232, do 06.02.2014 [71](#)

4.5 18346 (09/PNP-001325)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a transposición da Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 232, do 06.02.2014 [75](#)

4.6 20770 (09/PNP-001424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución do imposto sobre os hidrocarburos ao sector do transporte, o establecemento dun novo Plan Renove para os vehículos destinados a ese fin e o control do cumprimento do acordo entre España e Turquía do 3 de marzo de 1998.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 257, do 20.03.2014 [79](#)

4.7 20883 (09/PNP-001431)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Martínez García, María Consuelo

Sobre a concesión da Medalla de Ouro de Galicia a título póstumo aos dous obreiros da empresa Bazán de Ferrol falecidos durante unha manifestación o 10 de marzo de 1972.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 257, do 20.03.2014 [83](#)

4.8 21255 (09/PNP-001455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a presentación polo Goberno galego diante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas dun recurso para a anulación do principio de estabilidade relativa na repartición das cotas pesqueiras.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 261, do 26.03.2014 [86](#)



5. Interpelacións	90
5.1 12585 (09/INT-000469) Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda Martínez García, María Consuelo	
Sobre o o sector da construción naval. <i>Publicación da iniciativa, BOPG núm. 166, do 25.09.2013</i>	91
5.2 15514 (09/INT-000530) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis	
Sobre a nova carteira de servizos en materia de inclusión social. <i>Publicación da iniciativa, BOPG núm. 204, do 28.11.2013</i>	94
5.3 19518 (09/INT-000692) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	
Sobre o sistema de préstamo universal dos libros de texto. <i>Publicación da iniciativa, BOPG núm. 245, do 26.02.2014</i>	97
6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.....	101
6.1 21555 (09/POPX-000068) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Méndez Romeu, José Luís	
Sobre o nivel de execución dos compromisos do Goberno galego	102
6.2 21583 (09/POPX-000069) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Jorquera Caselas, Francisco Xesús	
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para loitar contra a crecente pobreza enerxética en Galicia	104
6.3 21601 (09/POPX-000070) Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda Díaz Pérez, Yolanda	
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación de crecente desprotección social.....	106



7. Preguntas ao Goberno [108](#)

7.1 21600 (09/PUP-000104)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel e 7 máis

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación coa vaga de corrupción político-empresarial..... [109](#)

7.2 20352 (09/POP-001799)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda e Ron Fernández, José Javier

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da modificación da xustiza universal no ordenamento xurídico estatal
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 252, do 12.03.2014 [113](#)

7.3 17330 (09/POP-001512)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Abeijón, José Santiago e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para a conservación ou recuperación das especies da fauna ou flora en perigo de extinción en Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 230, do 04.02.2014 [116](#)

7.4 21030 (09/POP-001847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis

Sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Pescanova.
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 261, do 26.03.2014 [119](#)

7.5 21595 (09/PUP-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación do profesorado que impartía cursos Celga de galego para adultos [122](#)

7.6 21577 (09/PUP-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o libramento das cantidades adebedadas na actualidade aos ex traballadores da empresa Sintel polas cotizacións á Seguridade Social..... [126](#)



7.7 20672 (09/POP-001816)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 3 máis

Sobre as razóns do traslado a outro lugar do helicóptero de salvamento marítimo que prestaba servizo desde o heliporto de Ruibo, en CEE.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 257, do 20.03.2014 [130](#)


7.8 20859 (09/POP-001825)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 8 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa incorporación de persoas mozas á actividade agraria.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 257, do 20.03.2014 [132](#)



A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 8 de abril de 2014, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 1 de abril de 2014, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos legislativos

- 1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais en Galicia (doc. núm. 9416, 09/PPL-000010)

Publicación do acordo, BOPG n.º 136, do 09.07.2013

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162, do 18.09.2013

Publicación da asignación a Comisión e apertura de emendas, BOPG n.º 162, do 18.09.2013

Publicación de emendas ao articulado, BOPG n.º 188, do 31.10.2013

Publicación da toma en consideración, BOPG n.º 190, do 06.11.2013

Publicación da designación da Ponencia, BOPG n.º 191, do 07.11.2013

Publicación do informe da Ponencia, BOPG n.º 254, do 14.03.2014

Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 258, do 21.03.2014

Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG n.º 258, do 21.03.2014

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego de consultas populares en Galicia (doc. núm. 586, corrección de erros 216, 09/PPL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 5, do 28.11.2012

Punto 2. Comparecencias en pleno

20944 (09/CPP-000160)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para informar da internacionalización da economía galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257, do 20.03.2014

Punto 3. Mocións

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

- 3.1 21515 (09/MOC-000065)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón e Méndez Romeu, José Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 16970, publicada no BOPG núm. 224, do 17.01.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)
- 3.2 21521 (09/MOC-000066)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e Beiras Torrado, Xosé Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa privatización de servizos realizada polo Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 17972, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)
- 3.3 21544 (09/MOC-000067)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros sanitarios do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 17278, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

- 4.1 8523 (09/PNP-000646)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto de calquera tipo de privatización do servizo do Rexistro Civil, e a demanda do Goberno galego ao Goberno central para que se manteña coas características e custo que se viñan ofrecendo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 119, do 12.06.2013
- 4.2 16587 (09/PNP-001179)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román e 6 máis
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de xeito conxunto coas


Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

universidades dun novo mapa de titulacións acorde coas demandas da sociedade galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 21.01.2014

- 4.3 17374 (09/PNP-001253)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas de Galicia, singularmente coa da AP-9, e a recuperación da titularidade pública desta vía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 230, do 04.02.2014
- 4.4 18201 (09/PNP-001314)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 6 máis
Sobre a estratexia de apoio á poboación xitana
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 232, do 06.02.2014
- 4.5 18346 (09/PNP-001325)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a transposición da Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmoables de uso residencial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 232, do 06.02.2014
- 4.6 20770 (09/PNP-001424)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución do imposto sobre os hidrocarburos ao sector do transporte, o establecemento dun novo Plan Renove para os vehículos destinados a ese fin e o control do cumprimento do acordo entre España e Turquía do 3 de marzo de 1998
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257, do 20.03.2014
- 4.7 20883 (09/PNP-001431)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Martínez García, María Consuelo
Sobre a concesión da Medalla de Ouro de Galicia a título póstumo aos dous obreiros da empresa Bazán de Ferrol falecidos durante unha manifestación o 10 de marzo de 1972
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257, do 20.03.2014

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



- 4.8 21255 (09/PNP-001455)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a presentación polo Goberno galego diante do Tribunal de Xustiza
das Comunidades Europeas dun recurso para a anulación do principio de
estabilidade relativa na repartición das cotas pesqueiras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 26.03.2014

Punto 5. Interpelacións

- 5.1 12585 (09/INT-000469)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Martínez García, María Consuelo
Sobre o sector da construción naval
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 25.09.2013
- 5.2 15514 (09/INT-000530)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis
Sobre a nova carteira de servizos en materia de inclusión social
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 28.11.2013
- 5.3 19518 (09/INT-000692)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre o sistema de préstamo universal dos libros de texto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 245, do 26.02.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 6.1 21555 (09/POPX-000068)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre o nivel de execución dos compromisos do Goberno galego
- 6.2 21583 (09/POPX-000069)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as medidas que vai a adoptar o Goberno galego para loitar contra a

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia


crecente pobreza enerxética en Galicia

- 6.3 21601 (09/POPX-000070)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación de crecente desprotección social

Punto 7. Preguntas ao Goberno

- 7.1 21600 (09/PUP-000104)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel e 7 máis
Sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación coa vaga de corrupción político-empresarial
- 7.2 20352 (09/POP-001799)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda e Ron Fernández, José Javier
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da modificación da xustiza universal no ordenamento xurídico estatal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 252, do 12.03.2014
- 7.3 17330 (09/POP-001512)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Abeijón, José Santiago e 6 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para a conservación ou recuperación das especies da fauna ou flora en perigo de extinción en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 230, do 04.02.2014
- 7.4 21030 (09/POP-001847)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis
Sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Pescanova
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 26.03.2014
- 7.5 21595 (09/PUP-000103)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación do profesorado que impartía cursos Celga de galego para adultos

7.6 21577 (09/PUP-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o libramento das cantidades adebedadas na actualidade aos ex traballadores da empresa Sintel polas cotizacións á Seguridade Social

7.7 20672 (09/POP-001816)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 3 máis

Sobre as razóns do traslado a outro lugar do helicóptero de salvamento marítimo que prestaba servizo desde o heliporto de Ruibo, en Cee

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257, do 20.03.2014

7.8 20859 (09/POP-001825)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 8 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa incorporación de persoas mozas á actividade agraria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257, do 20.03.2014

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Asinado dixitalmente por:

Pilar Rojo Noguera, Presidenta na data 01/04/2014 18:42:20

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

María Carmen Acuña do Campo	S
María do Carme Adán Villamarín	BNG
Pedro Manuel Arias Veira	P
Agustín Baamonde Díaz	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Manuel Beiras Torrado	AGE
Moisés Blanco Paradelo	P
María Concepción Burgo López	S
Francisco Caamaño Domínguez	S
Angel Camino Copa	P
Jaime Castiñeira Broz	P
Yolanda Díaz Pérez	AGE
Ricardo Vicente Docasar Docasar	S
Javier Dorado Soto	P
Juan Manuel Fajardo Recousó	AGE
María Dolores Faraldo Botana	P
Hipólito Fariñas Sobrino	P
Raúl Fernández Fernández	S
José Santiago Freire Abeijón	P
María Carmen Gallego Calvar	S
José Manuel Gallego Lomba	S
Pablo García García	S
María Isabel García Pacín	P
Alejandro Gómez Alonso	P
Juan Carlos González Santín	S
Javier Jorge Guerra Fernández	P
Agustín Hernández Fernández de Rojas	P
Carmen Iglesias Sueiro	M
Jaime Íñiguez Martínez	P
Francisco Xesús Jorquera Caselas	BNG
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Consuelo Martínez García	AGE
Vidal Martínez-Sierra López	P
José Luis Méndez Romeu	S
Antonio Mouriño Villar	P
Enrique Nóvoa López	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Rosa Oubiña Solla	P
María del Carmen Pardo López	P
María Tereixa Paz Franco	BNG
Berta Pérez Hernández	P
María Soledad Piñeiro Martínez	P
Cosme Eladio Pombo Rodríguez	BNG
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG

María Herminia Pouso Maneiro	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Pedro Puy Fraga	P
María Remedios Quintas Álvarez	S
Daniel Rodas Chapela	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Román Rodríguez González	P
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Pilar Rojo Noguera	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
José Javier Ron Fernández	AGE
Alfonso Rueda Valenzuela	P
José Antonio Sánchez Bugallo	S
Antón Sánchez García	AGE
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
José Francisco Santos Regueiro	P
Beatriz Sestayo Doce	S
Eva Solla Fernández	AGE
María Soledad Soneira Tajés	S
Miguel Angel Tellado Filgueira	P
Gonzalo Trenor López	P
José Ramón Val Alonso	S
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Jesús Vázquez Abad	P
Ramón Vázquez Díaz	AGE
Manuel Vázquez Fernández	S
Patricia Vilán Lorenzo	S



Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia

IX Lexislatura

(Actualizada a 19 de febreiro de 2014)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST.
1. Acuña do Campo, María Carmen	S			
2. Adán Villamarín, María do Carme	BNG			
3. Arias Veira, Pedro Manuel	P			
4. Baamonde Díaz, Agustín	P			
5. Beiras Torrado, Xosé Manuel	AGE			
6. Blanco Paradelo, Moisés	P			
7. Caamaño Domínguez, Francisco Manuel	S			
8. Camino Copa, Ángel	P			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Díaz Pérez, Yolanda	AGE			
11. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	S			
12. Dorado Souto, Javier	P			
13. Fajardo Recousó, Juan Manuel	AGE			
14. Faraldo Botana, María Dolores	P			
15. Fariñas Sobrino, Hipólito	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Freire Abeijón, José Santiago	P			
18. Gallego Calvar, María Carmen	S			
19. Gallego Lomba, José Manuel	S			
20. García García, Pablo	S			
21. García Pacín, María Isabel	P			
22. Gómez Alonso, Alejandro	P			
23. González Santín, Juan Carlos	S			
24. Guerra Fernández, Javier Jorge	P			
25. Iglesias Sueiro, Carmen	M			
26. Íñiguez Martínez, Jaime	P			
27. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	BNG			
28. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
29. Martínez García, María Consuelo	AGE			



30. Martínez Sierra López, Vidal	P			
31. Méndez Romeu, José Luis	S			
32. Mouriño Villar, Antonio	P			
33. Nóvoa López, Enrique	P			
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
35. Oubiña Solla, Rosa	P			
36. Pardo López, María del Carmen	P			
37. Paz Franco, María Tereixa	BNG			
38. Pérez Hernández, Berta	P			
39. Piñeiro Martínez, María Soledad	P			
40. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	BNG			
41. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
42. Pouso Maneiro, María Herminia	P			
43. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
44. Prado del Río, Paula	P			
45. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
46. Puy Fraga, Pedro	P			
47. Quintas Álvarez, María Remedios	S			
48. Rodas Chapela, Daniel	BNG			
49. Rodríguez Arias, Marta	P			
50. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
51. Rodríguez González, Román	P			
52. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
53. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
54. Ron Fernández, José Javier	AGE			
55. Sánchez Bugallo, José Antonio	S			
56. Sánchez García, Antón	AGE			
57. Santos Regueiro, José Francisco	P			
58. Sestayo Doce, Beatriz	S			
59. Solla Fernández, Eva	AGE			
60. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
61. Trenor López, Gonzalo	P			
62. Val Alonso, José Ramón	S			
63. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	P			
64. Vázquez Díaz, Ramón	AGE			
65. Vázquez Fernández, Manuel	S			
66. Vilán Lorenzo, Patricia	S			



DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
67. Vázquez Abad, Jesús	P			
68. Hernández Fernández de Rojas, Agustín	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijóo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, Concepción	S			
72. Balseiro Orol, José Manuel	P			
73. Soneira Tajés, María Soledad	S			
74. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			
75. Rojo Noguera, Pilar	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

1. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 08.04.2014

Hora: 10:00

Orde do día

- 1.1 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais en Galicia.

09/PPL-000010 (9416)

Publicación do acordo, BOPG n.º 136, do 09.07.2013

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162, do 18.09.2013

Publicación da asignación a Comisión e apertura de emendas, BOPG n.º 162, do 18.09.2013

Publicación de emendas ao articulado, BOPG n.º 188, do 31.10.2013

Publicación da toma en consideración, BOPG n.º 190, do 06.11.2013

Publicación da designación da Ponencia, BOPG n.º 191, do 07.11.2013

Publicación do informe da Ponencia, BOPG n.º 254, do 14.03.2014

Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 258, do 21.03.2014

Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG n.º 258, do 21.03.2014

Vid. Separata núm. 1

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 08.04.2014

Hora: 10:00

Orde do día

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego de consultas populares en Galicia.

09/PPL-000002 (216)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 5, do 28.11.2012



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2012 13:47
Nº Rexistro: 586
Data envío: 20/11/2012 13:47:49.163

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das súas deputadas e deputados e a través do seu portavoz, Francisco Xesús Jorquera Caselas, ao abeiro do artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de consultas populares en Galiza**, ante o Parlamento de Galiza.

PROPOSICIÓN DE LEI DE CONSULTAS POPULARES EN GALIZA

O dereito de participación os asuntos públicos figura recoñecido entre os dereitos fundamentais. A súa formulación no vixente modelo constitucional é xenérica, sen que haxa unha concreción do seu exercicio por parte da cidadanía. O desenvolvemento dese dereito na vertente da intervención directa e intensa da cidadanía en decisións de interese e alcance xeral a través das consultas populares é bastante deficiente, ao prever unicamente que a iniciativa sexa adoptada desde o Goberno central ou as Cortes Xerais, isto é, promovida desde institucións representativas mais nunca directamente desde o corpo electoral.

A presente lei constitúe un avance para contar cun instrumento normativo en Galiza que permita a celebración de consultas públicas, como medida para reforzar a democracia directa. Para iso, atribúese a posibilidade de promover os referendos ás institucións que exercen o poder lexislativo e executivo en Galiza e tamén aos concellos, cadanseu sobre asuntos da súa competencia, e finalmente, aos cidadáns directamente a través dun procedemento que determina o número e os requisitos precisos para tramitar unha consulta popular xurdida directamente desde comisións promotoras de base popular. Todo este procedemento é previo e necesario para a convocatoria e autorización final da consulta pública por parte dos órganos e

autoridades previstos na Lei Orgánica Orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, sobre regulación das distintas modalidades de referendo. Ao regularse agora en Galiza con claridade as distintas formas de instar a celebración de consultas públicas, esa autorización devén nun acto formal, que deberá ser ratificado logo da lexitimación que se lle outorga ao proceso ao ter garantías legais e un control e verificación desde institucións democráticas galegas.

Até o de agora existían modalidades de consultas populares, sobre todo no eido municipal, que consistían en instrumentos de participación social dirixidos a coñecer a opinión en relación a aspectos da vida pública materializados a través de foros de debate, enquisas ou órganos de participación institucional e sectorial. A presente lei afonda máis na democracia participativa e directa, ao regular as consultas populares baixo a modalidade de referendos, onde é convocado todo o corpo electoral a participar, baixo garantías e requisitos legais e formais, que permiten a validación do seu resultado, aos cais incluso se lle pode outorgar o carácter de vinculante para os poderes convocantes.

Tamén, até a entrada en vigor da presente lei, a regulación sobre o referendo era limitativa ao estipularse para tres supostos moi concretos: o referendo consultivo para as decisións políticas de especial transcendencia, o referendo constitucional para ratificar as reformas constitucionais e o referendo para ratificar os estatutos de autonomía. Porén, esa previsión legal existente non pode ser interpretada con carácter excluínente, como se esgotara outras posibilidades de regulación, senón que ha de deixar aberta a posibilidade de que se regulen, neste caso polo poder lexislativo galego, outras modalidades de referendo para pulsar a opinión, e mesmo determinar as decisións, en ámbitos que afecten ou interesen dun xeito relevante para a cidadanía, e que, en último termo, debe autorizar formalmente o Estado.

Polo tanto, a presente lei establece o réxime xurídico, procedemento, cumprimento e convocatoria das consultas populares por vía de referendo no ámbito Galiza e no ámbito municipal, mantendo -entanto non haxa unha modificación constitucional- a autorización destas consultas populares dentro do ámbito competencial do Estado, en cumprimento do disposto polo art. 149.1.32 da Constitución de 1978. Do mesmo xeito, as disposicións da presente lei sobre as consultas populares por vía de referendo en Galiza respectan o establecido pola Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, de regulación das diversas modalidades de referendo, e a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Defínense dous ámbitos das consultas populares por vía de referendo: por unha banda, as consultas populares que se promovan no ámbito de Galiza, que terán por obxecto as cuestións políticas de especial transcendencia para a cidadanía no ámbito das competencias das institucións galegas, e por outra, as que se promovan no ámbito municipal. En ambos casos, coa finalidade de promover dun xeito máis amplo a participación directa das persoas nos asuntos públicos, non se establecen límites ao obxecto e alcance das consultas, sen impor condicionantes relativos a decidir de xeito directo polos electores calquera tipo de cuestións que a cidadanía considere relevante.

O Título Primeiro contén as disposicións de carácter xeral, que definen a consulta popular por vía de referendo como un instrumento de participación directa para determinar a vontade do corpo electoral sobre cuestións políticas de especial transcendencia coas garantías propias do procedemento electoral.

O Título Segundo, que regula as consultas populares por vía de referendo de ámbito de Galiza, divídese en tres capítulos: un primeiro capítulo que define o ámbito, obxecto, natureza e modalidades das consultas populares, e o segundo e o terceiro capítulo, que desenvolven as dúas modalidades de consulta popular, segundo se a iniciativa é institucional ou popular.

O Título Terceiro, que regula as consultas populares por vía de referendo de ámbito municipal, que tamén se divide de xeito análogo en tres capítulos, que recollen as disposicións de carácter xeral e as específicas para as modalidades de consulta popular institucional ou popular no ámbito municipal, isto é, sexan promovidas pola corporación municipal ou directamente polos habitantes no concello.

O Título Cuarto regula o procedemento de convocatoria e celebración das consultas populares por vía de referendo, tanto no ámbito de Galiza como no ámbito municipal, unha vez foron autorizadas polo Estado, que incorpora como novidade os principios e garantías da utilización dos medios electrónicos nas consultas populares por vía de referendo.

TÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O obxecto da presente lei é establecer o réxime xurídico, o procedemento e a convocatoria pola Xunta de Galiza ou polos concellos, no ámbito das súas competencias respectivas, das consultas populares por vía de referendo.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente lei é de aplicación ás consultas populares por vía de referendo que promovan as institucións públicas ou a cidadanía de Galiza en exercicio do dereito de participación recoñecido polo ordenamento xurídico, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galiza e dos concellos, sobre cuestións políticas de especial transcendencia para a cidadanía.

Artigo 3. Consulta popular por vía de referendo.

1. Aos efectos da presente lei, unha consulta popular por vía de referendo é un instrumento de participación directa para determinar a vontade do corpo electoral sobre cuestións políticas de especial transcendencia coas garantías propias do procedemento electoral.

2. Son chamadas a participar nunha consulta popular as persoas que teñen dereito a voto nas eleccións ao Parlamento de Galiza ou nas eleccións municipais, respectivamente segundo o ámbito da consulta, de acordo coa lexislación electoral aplicábel en cada ámbito.

No caso das persoas inscritas no censo de residentes ausentes, para participaren na consulta popular deberán acreditar a súa residencia nalgún concello de Galiza nun período mínimo de seis meses nos dous anos anteriores aos da celebración da consulta.

3. Están lexitimadas para asinar unha consulta popular por vía de referendo as persoas maiores de dezoito anos que están debidamente inscritas no padrón de calquera dos municipios de Galiza e que cumpren un dos seguintes requisitos:

- a) Ter a condición política de galego conforme ao artigo 3 do Estatuto de Autonomía.
 - b) Ser cidadáns dos estados membros da Unión Europea ou doutros estados que teñan recoñecido por tratado ou lei o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais.
 - c) Residir legalmente en Galiza, de acordo coa normativa en materia de estranxeiría.
4. Nas consultas populares por vía de referendo de ámbito municipal só poden asinar unha proposta de consulta popular as persoas que, ademais de cumprir algún dos requisitos establecidos polo apartado 3, estean empadroadas no municipio onde se propón a consulta.

Artigo 4. Tramitación da proposta de consulta popular vía referendo

1. A proposta de consulta popular deberá ir acompañada da documentación seguinte:

- a) O texto da pregunta, formulada de forma clara, sucinta e inequívoca. Co obxectivo de obter un resultado claro da consulta, o texto debe pedir aos votantes que escollan entre diferentes opcións ou entre o si e o non.
- b) Unha memoria explicativa das razóns que fan conveniente a consulta popular e o ámbito competencial desta.

2. O promotor da consulta popular pode retirar a proposta en calquera momento da tramitación anterior á convocatoria.

No caso de que o promotor retirase a proposta de consulta popular, non poderá volver formular ningunha outra de contido igual ou substancialmente equivalente no prazo de catro anos desde a data de formulación daquela.

3. Se o Parlamento de Galiza ou o pleno municipal rexeitan unha proposta de consulta, non pode volverse a formular ningunha outra sobre a mesma cuestión durante o resto da lexislatura en que se presentou a proposta.

4. Se a consulta foi celebrada e a cuestión obxecto da consulta foi rexeitada polos cidadáns, non pode volverse a formular ningunha outra sobre a mesma cuestión no prazo de catro anos desde a data de celebración daquela.

TÍTULO SEGUNDO. DAS CONSULTAS POPULARES POR VÍA DE REFERENDO NO ÁMBITO DE GALIZA

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 5. Obxecto e ámbito da consulta.

O obxecto das consultas populares por vía de referendo de ámbito de Galiza son as cuestións políticas de especial transcendencia para a cidadanía no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma.

Artigo 6. Modalidades de consultas populares por vía de referendo.

A consulta popular por vía de referendo de ámbito de Galiza, segundo quen exerce a iniciativa, pode ser das seguintes modalidades:

- a) Consulta popular por vía de referendo de iniciativa institucional.
- b) Consulta popular por vía de referendo de iniciativa popular.

Artigo 7. Natureza da consulta.

- 1. As consultas populares por vía de referendo de ámbito de Galiza poderán ser consultivas ou vinculantes.
- 2. No caso de teren carácter consultivo, o Goberno galego comparecerá ante o Pleno do Parlamento para fixar a súa posición sobre o resultado da consulta popular no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á celebración da consulta.

3. No caso de teren carácter vinculante, o Goberno galego estará obrigado a adoptar as decisións pertinentes para executalas nos seus termos.

Artigo 8. Tramitación para a autorización.

Unha vez o Parlamento de Galiza aprobara a proposta de consulta popular, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galiza enviará a solicitude de autorización ao Goberno do Estado.

Artigo 9. Períodos para a formulación e tramitación de propostas de consulta popular por vía de referendo.

1. As propostas de consulta popular por vía de referendo poderán tramitarse en calquera período, agás no período comprendido entre a disolución do Parlamento e a investidura da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galiza.
2. De igual xeito, nas propostas de consulta popular que estean en tramitación parlamentaria no momento da disolución do Parlamento, suspenderanse todos os trámites pendentes até a investidura do Presidente ou Presidenta da Xunta de Galiza.

CAPÍTULO II. CONSULTAS POPULARES POR VÍA DE REFERENDO DE ÁMBITO GALEGO DE INICIATIVA INSTITUCIONAL

Artigo 10. Iniciativa.

A iniciativa da consulta popular por vía de referendo de ámbito de Galiza de iniciativa institucional corresponde a:

- a) O Goberno galego, a proposta do Presidente ou Presidenta.

- b) O Parlamento de Galiza, a proposta dunha décima parte dos deputados ou deputadas, ou de dous grupos parlamentarios.
- c) Un 10 por dos concellos, que deben representar como mínimo 250.000 habitantes.

Artigo 11. Tramitación e aprobación da iniciativa do Goberno galego.

1. O Goberno galego, a proposta da persoa titular da Presidencia, pode acordar o inicio da tramitación para celebrar unha consulta popular. A proposta de consulta popular debe publicarse no Diario Oficial de Galiza.
2. O Goberno, antes de que se publique a proposta de consulta popular, pode solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galiza para que se pronuncie sobre a adecuación ao ordenamento xurídico da proposta.
3. A proposta de consulta debe enviarse á Mesa do Parlamento xunto coa documentación á que se refire o artigo 4 e, se fora solicitado, co ditame do Consello Consultivo de Galiza.
4. A Mesa do Parlamento verificará o cumprimento do establecido na presente Lei, e no seu caso, admitirá a trámite a proposta de consulta popular, acordando a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galiza, ou instará a subsanación das deficiencias detectadas.
5. A proposta de consulta popular a iniciativa do Goberno será sometida a votación no Pleno do Parlamento que se celebre logo da súa publicación, e para a súa aprobación requirirá o voto favorábel da maioría absoluta.

Artigo 12. Tramitación e aprobación da iniciativa do Parlamento de Galiza.

1. Se a proposta de consulta popular é presentada por unha décima parte dos deputados ou deputadas ou por dous grupos parlamentarios, a Mesa do Parlamento

verifica o cumprimento do establecido na presente Lei e, no seu caso, admitirá a trámite a proposta de consulta popular, acordando a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galiza, ou instará a subsanación das deficiencias detectadas.

2. A proposta de consulta popular a iniciativa do Parlamento de Galiza será sometida a votación no Pleno do Parlamento que se celebre logo da súa publicación, e para a súa aprobación requirirá o voto favorábel da maioría absoluta.

Artigo 13. Tramitación e aprobación da iniciativa municipal.

1. A proposta de consulta popular a iniciativa dos concellos debe presentarse á Mesa do Parlamento, xunto coa certificación de aprobación nos acordos plenarios das entidades locais que promoven a tramitación, acreditando ademais que reúnen os requisitos establecidos no apartado c) do artigo 10 da presente Lei.

2. A Mesa do Parlamento verifica o cumprimento do establecido nesta Lei e, no seu caso, admitirá a trámite a proposta de consulta popular, acordando a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galiza, ou instará a subsanación das deficiencias detectadas.

3. Unha vez publicada a proposta de consulta popular de iniciativa municipal, será sometida a votación no Pleno do Parlamento que se celebre logo da súa publicación, e para a súa aprobación requirirá o voto favorábel da maioría absoluta.

CAPÍTULO III. CONSULTAS POPULARES POR VÍA DE REFERENDO DE ÁMBITO GALEGO DE INICIATIVA POPULAR

Artigo 14. Iniciativa

Os cidadáns de Galiza, en exercicio do dereito de participación nos asuntos públicos, poden promover a convocatoria dunha consulta popular no ámbito de Galiza se está avalada polo menos polo número de persoas que se requiren para a presentación dunha iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galiza.

Artigo 15. Comisión promotora.

1. Unha comisión promotora exercerá a representación das persoas asinantes da proposta aos efectos que derivan da mesma.
2. A comisión promotora está formada por un mínimo de tres persoas maiores de idade que ostenten a condición política de galegos, de acordo co artigo 3 do Estatuto de Autonomía, e que non están privadas dos dereitos políticos.
3. Os membros da comisión promotora non poden ser:
 - a) Membros do Goberno.
 - b) Deputados ou Deputadas do Parlamento de Galiza.
 - c) Membros das corporacións locais.
 - d) Deputados ou Deputadas do Congreso dos Deputados.
 - e) Senadores ou Senadoras.
 - f) Deputados ou Deputadas do Parlamento Europeo.

Artigo 16. Presentación e admisión da proposta de consulta

1. A comisión promotora debe dirixir a solicitude da proposta de consulta popular á Mesa do Parlamento e debe acompañala cos seguintes documentos:
 - a) Unha relación dos membros da comisión promotora cos seus datos persoais.

b) Unha declaración dos membros da comisión promotora en que manifesten que ostentan a condición política de galegos e que ademais non están privados da dos seus dereitos políticos.

c) Unha certificación acreditativa da súa inclusión no padrón dalgún concello de Galiza.

2. A Mesa do Parlamento verifica o cumprimento do establecido na presente Lei e, no seu caso, admitirá a trámite a proposta de consulta popular, acordando a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galiza, ou instará a subsanación das deficiencias detectadas.

Artigo 17. Recollida de sinaturas

1. Unha vez admitida a trámite a proposta, a comisión promotora debe presentar á Xunta Electoral de Galiza o modelo de prego de recollida de sinaturas, que conterá en cada folia o texto da pregunta e, de seguido, o espazo destinado ás sinaturas, para que sexa sometido á aprobación da administración electoral. Se for aprobado o modelo, a comisión promotora debe presentar os pregos á xunta electoral para que os carimbe e numere nun prazo de tres días.

2. A comisión promotora debe recoller as sinaturas no prazo de seis meses a contar do día en que a administración electoral lle devolva os pregos selados. Por causas xustificadas, poderá acordarse unha prórroga por un tempo máximo de tres meses.

3. Unha vez transcorrido o prazo a que se refire o apartado 2, coas súas prórrogas no caso de seren concedidas, sen que se presentaran as sinaturas recollidas, a administración electoral declarará caducada a iniciativa.

Artigo 18. Autenticación das sinaturas e acreditación da inscrición no padrón municipal.

1. As sinaturas deberán reunir os requisitos establecidos na Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galiza.
2. A comisión promotora acreditará que as persoas asinantes están inscritas no padrón municipal. A tal fin, presentarán os pregos de sinaturas ante os órganos ou entes competentes sobre a formación e coordinación do padrón.
3. Os órganos ou entes a que se refire o apartado anterior deben deixar constancia da data de entrada da solicitude de acreditación e da devolución á comisión promotora cos certificados correspondentes e deben comunicalo á administración electoral no prazo de dez días.
4. O período que os pregos de sinaturas estean nos órganos ou entes competentes para a acreditación da inscrición no padrón non computará aos efectos do prazo máximo de presentación das sinaturas establecido nesta Lei.
5. A comisión promotora, xunto coa presentación do prego de sinaturas coas follas seladas e numeradas pola xunta electoral, entregará ademais, en soporte electrónico, aos órganos ou entes competentes para a acreditación, a información precisa para unha correcta identificación das persoas asinantes contida nos pregos, facendo ademais unha declaración formal da concordancia do número e a identificación das persoas asinantes dos pregos co número e a identificación das persoas asinantes rexistradas en soporte electrónico.

Artigo 19. Entrega das sinaturas

1. Os pregos coas sinaturas autenticadas, xunto cos certificados da inscrición das persoas asinantes no padrón municipal, rexistraranse na administración electoral no prazo de tres días a partir da data de devolución dos pregos de sinaturas, cos certificados correspondentes.

2. A Xunta Electoral de Galiza, realizará a comprobación dos pregos e o recento das sinaturas en acto público, ao que serán citados expresamente os representantes da comisión promotora.

3. A xunta electoral declarará nulas as sinaturas que non cumpran os requisitos establecidos pola presente lei, excluíndoas do cómputo.

4. Rematada a comprobación, se o número de sinaturas é superior ao mínimo esixido, comunicarao no prazo máximo de cinco días á Mesa do Parlamento, incluíndo o envío dos pregos de sinaturas e os certificados coa indicación do número total das que foron consideradas válidas.

Artigo 20. Aprobación da iniciativa

1. Recibida a documentación a que se refire o artigo anterior, o Parlamento de Galiza, en sesión plenaria convocada ao efecto, en todo caso, a celebrar nos quince días seguintes ao rexistro de dita documentación, debaterá e someterá a votación a proposta de consulta popular.

2. O Pleno do Parlamento de Galiza votará sobre o cumprimento das formalidades legais da iniciativa popular, en ningún caso sobre a oportunidade e o fondo das cuestións plantexadas na consulta. De acreditarse a cumprimentación dos requisitos procedimentais legais, a proposta será aprobada e enviada á Presidencia do Goberno galego a fin de continuar a tramitación para a súa autorización prevista no artigo 8 da presente Lei.

Artigo 21. Indemnización por gastos

A comisión promotora poderá ser indemnizada polos gastos debidamente xustificados nos que incorrese con motivo da recollida de firmas, baixo a condición de que as presentadas foran consideradas válidas e suficientes para a súa

tramitación, e no importe máximo que sinalen as leis xerais de orzamentos da Comunidade Autónoma.

TÍTULO TERCEIRO. DAS CONSULTAS POPULARES POR VÍA DE REFERENDO DE ÁMBITO MUNICIPAL

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 22. Obxecto e ámbito da consulta

1. Poderán ser obxecto das consultas populares por vía de referendo de ámbito municipal os asuntos da competencia propia do municipio e de carácter local que sexan de especial transcendencia para os intereses da veciñanza.
2. Poderán formularse consultas municipais coa modalidade de diferentes opcións a escoller polos votantes.

Artigo 23. Modalidades de consultas populares por vía de referendo de ámbito municipal.

A consulta popular por vía de referendo de ámbito municipal, segundo quen exerce a iniciativa, pode ser das seguintes modalidades:

- a) Consulta popular por vía de referendo de iniciativa institucional.
- b) Consulta popular por vía de referendo de iniciativa popular.

Artigo 24. Natureza da consulta.

1. As consultas populares por vía de referendo de ámbito municipal poderán ser consultivas ou vinculantes.

2. No caso de teren carácter consultivo, o alcalde ou alcaldesa comparecerá ante o pleno municipal para fixar a súa posición sobre o resultado da consulta popular no prazo de un mes desde a celebración da consulta.

3. No caso de teren carácter vinculante, o alcalde ou alcaldesa estará obrigado a adoptar as decisións pertinentes para levar a termo.

Artigo 25. Tramitación para a autorización.

O alcalde ou alcaldesa enviará toda a documentación relativa á proposta de consulta popular ao órgano competente en materia de Administración local para que, no prazo de un mes, o Goberno galego remita a solicitude de consulta popular ao Goberno do Estado para súa autorización.

CAPÍTULO II. CONSULTAS POPULARES POR VÍA DE REFERENDO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE INICIATIVA INSTITUCIONAL

Artigo 26. Iniciativa de consultas populares por vía de referendo de ámbito municipal de iniciativa institucional

A iniciativa da consulta popular por vía de referendo de ámbito municipal de iniciativa institucional corresponderá a:

- a) O alcalde ou alcaldesa.
- b) Unha cuarta parte dos membros da corporación local.

Artigo 27. Aprobación da iniciativa.

A persoa titular da Secretaría municipal verifica o cumprimento dos requisitos establecidos pola presente Lei e, no caso de cumprírense a proposta de consulta popular preséntase ao pleno para que sexa debatida e votada, no prazo máximo de quince días naturais. A proposta de consulta popular debe ser aprobada pola maioría absoluta dos concelleiros.

CAPÍTULO III. CONSULTAS POPULARES POR VÍA DE REFERENDO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE INICIATIVA POPULAR

Artigo 28. Iniciativa das consultas populares por vía de referendo de ámbito municipal de iniciativa popular.

A veciñanza dun municipio, en exercicio do dereito a participación nos asuntos públicos, poden promover a convocatoria dunha consulta popular no ámbito municipal. Esta convocatoria debe ter o aval como mínimo:

- a) O 10 por 100 dos habitantes nos concellos cunha poboación inferior a 10.000 habitantes ou menos
- b) O 8 por 100 dos habitantes nos concellos cunha poboación entre 10.001 e 30.000 habitantes
- c) O 5 por 100 dos habitantes nos concellos cunha poboación de máis de 30.001 habitantes

Artigo 29. Comisión promotora

Unha comisión promotora exerce a representación das persoas asinantes da proposta aos efectos que derivan da mesma, que estará formada como mínimo por tres veciños e veciñas que estean en pleno uso dos seus dereitos políticos e non ostenten cargo representativo local.

Artigo 30. Presentación e admisión da proposta de consulta

1. A solicitude para promover unha consulta popular debe dirixirse ao alcalde ou alcaldesa e debe acompañarse coa documentación establecida polo artigo 4, xunto coa relación dos membros da comisión promotora e os seus datos persoais.
2. A persoa titular da Secretaría municipal verificará o cumprimento dos requisitos establecidos pola presente Lei, e no caso de cumprírense, a proposta de consulta popular será admitida a trámite, ou no seu defecto indicará as subsanacións que sexan pertinentes.

Artigo 31. Procedemento de recollida, autenticación, acreditación e entrega de sinaturas

1. Unha vez admitida a trámite a proposta, a comisión promotora presentará á persoa titular da Secretaría municipal os pregos de sinaturas, que conterá en cada folla o texto da pregunta e o espazo destinado ás sinaturas. No prazo de sete días naturais, as follas serán entregadas de novo á comisión promotora, co carimbo do concello e a numeración correlativa.
2. A comisión promotora deberá recoller as sinaturas no prazo de tres meses, que poderá ser prorrogado, por razóns motivadas, pola prazo máximo de un mes.
3. A persoa titular da Secretaría municipal será a encargada de controlar o procedemento de recollida e validación das sinaturas, ademais de certificar que as persoas asinantes están inscritas no padrón municipal. Ao remate do proceso,

estenderá un certificado co resultado do reconto, comunicádollo, no caso de presentarse un número suficiente de sinaturas válidas, ao alcalde ou alcaldesa.

Artigo 32. Aprobación da iniciativa

1. O alcalde ou alcaldesa debe presentar ao pleno a proposta de consulta popular para que sexa debatida e votada.
2. O pleno da corporación votará sobre o cumprimento das formalidades legais da iniciativa popular, en ningún caso sobre a oportunidade e o fondo das cuestións plantexadas na consulta. De acreditarse a cumprimentación dos requisitos procedimentais legais, a proposta será aprobada e ser enviada, a través do alcalde ou alcaldesa, ao ao órgano competente en materia de Administración local, a fin de continuar a tramitación prevista no artigo 25 da presente Lei.

TÍTULO CUARTO. DO PROCEDEMENTO PARA A CELEBRACIÓN DA CONSULTA POPULAR

Artigo 33. Convocatoria

1. A convocatoria da consulta popular será efectuada formalmente polos órganos regulados no artigo 2 da Lei Orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, sobre regulación das distintas modalidades de referendo, logo da proposta remitida polo Goberno galego ou polo alcalde ou alcaldesa, a través dos procedementos previstos nesta lei, segundo o ámbito da consulta.
2. Os órganos a que se refire o artigo 2 da Lei Orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, sobre regulación das distintas modalidades de referendo convocarán a consulta, podendo no seu caso delegar a convocatoria no Goberno galego.

3. En todo caso, a consulta será publicada no Diario Oficial de Galiza, onde constará a data da consulta, así como conterá:

- a) Os termos da consulta, con mención expresa á pregunta que debe responder o corpo electoral convocado.
- c) A administración electoral que ten encomendadas as funcións de control e seguimento do proceso.
- d) O día de inicio e a duración da campaña informativa.
- e) Os medios materiais e persoais necesarios para celebrar a consulta e os responsábeis de fornecelos.

Artigo 34. Data da consulta

- 1. A consulta debe celebrarse entre o mes e os tres meses posteriores á data de publicación do decreto de convocatoria.
- 2. As consultas populares de ámbito municipal non poden celebrarse entre os noventa días anteriores e os noventa posteriores á data de celebración de eleccións municipais ou doutra consulta popular por vía de referendo.
- 3. As consultas populares de ámbito de Galiza non poden celebrarse entre os noventa días anteriores e os noventa posteriores á data de celebración das eleccións ao Parlamento de Galiza ou ás Cortes Xerais.
- 4. Se se convocar unha consulta popular cando hai outras que están pendentes de celebración, a data de celebración debe ser a mesma para todas, sen que iso comporte o incumprimento dos prazos establecidos polo apartado 1.
- 4. Todo referendo de ámbito de Galiza convocado quedará suspendido automaticamente se, no período comprendido entre o noventa días anteriores e o noventa posteriores á data fixada para a súa celebración, deben celebrarse eleccións ao Parlamento de Galiza ou ás Cortes Xerais. Neste caso, o referendo debe volverse a convocar.

Artigo 35. Administración electoral

1. As xuntas electorais deben constituírse no prazo de quince días a partir da publicación da convocatoria.
2. A xunta electoral competente cumpre as funcións que lle son propias segundo a normativa electoral e, concretamente, para os supostos a que se refire a presente lei, as seguintes funcións:
 - a) Dar instrucións vinculantes ás instancias inferiores da administración electoral.
 - b) Asesorar aos membros da comisión promotora para facilitarlles o cumprimento dos requisitos formais e xurídicos.
 - c) Transferir o material necesario para a celebración do referendo e prestar asesoramento técnico.
 - d) Resolver, con carácter vinculante, as consultas que formulen as instancias inferiores da administración electoral e unificar os criterios interpretativos, así como revogar de oficio ou a instancia de parte as decisións destes órganos.
 - e) Resolver os recursos, queixas e reclamacións que se lle dirixan en calquera fase da celebración do referendo.
 - f) Velar polo cumprimento da normativa relativa aos gastos de financiamento do referendo no período que vai da aprobación do decreto de convocatoria á declaración dos resultados oficiais.
 - g) Exercer a potestade disciplinaria sobre todas as persoas que interveñan con carácter oficial na celebración do referendo e corrixir as infraccións se non constitúen un delito.
 - h) Aprobar os actos de constitución das instancias inferiores da administración electoral e das mesas electorais e o escrutinio.
 - i) Certificar o resultado final do referendo.
 - l) Informar á autoridade convocante do resultado do referendo.

m) Calquera outra que as leis lle atribúan.

Artigo 36. Campaña informativa

1. A campaña informativa ten por finalidade que os promotores da consulta popular por vía de referendo e os partidos políticos expliquen a súa posición con relación á consulta popular.
2. O decreto de convocatoria da consulta fixa a duración da campaña de información, que non poderá ser inferior a dez días nin superior a vinte. A campaña de información finaliza ás cero horas do día anterior á celebración da consulta.

Artigo 37. Espazos informativos, debates e entrevistas nos medios de comunicación e espazos públicos para a campaña informativa

1. Os promotores da consulta popular por vía de referendo de ámbito de Galiza e os partidos políticos con representación no Parlamento, no caso das consultas reguladas de ámbito galego, e os promotores da consulta popular por vía de referendo de ámbito municipal e os grupos políticos con representación no concello, no caso das consultas reguladas de ámbito municipal, teñen dereito a utilizar espazos gratuítos para realizar a campaña informativa.
2. Os espazos gratuítos nos medios de comunicación de titularidade pública local limítanse ao ámbito local afectado se a consulta popular é de ámbito municipal.
3. Así mesmo, durante a campaña informativa, os medios públicos de comunicación social deberán prever:
 - a) Como mínimo, a celebración dun debate en horario de máxima audiencia sobre a consulta entre os partidos con representación parlamentarias, ou no caso de consultas de ámbito municipal con representación na corporación local, e os representantes da comisión promotora.

b) A difusión de entrevistas con representantes da comisión promotora e dos partidos con representación parlamentaria, ou no caso de consultas de ámbito municipal con presenza na corporación local, por un tempo non inferior a 20 minutos e garantindo a máxima igualdade no tempo asignado a cada entrevistado.

4. O concello debe reservar espazos gratuítos para que poida colocarse información do referendo e debe facilitar locais oficiais ou espazos públicos, tamén gratuítos, para que poidan realizarse os actos da campaña informativa. O concello debe comunicar devanditos espazos e locais á xunta electoral competente no prazo de dez días a partir da publicación da convocatoria.

5. No caso das consultas populares de ámbito municipal, a xunta electoral competente debe establecer os criterios para a distribución do tempo gratuíto nos medios de comunicación de titularidade pública atendendo a criterios de igualdade de oportunidades e, subsidiariamente, ao número de votos obtidos nas últimas eleccións municipais por cada grupo político con representación municipal.

6. No caso das consultas populares de ámbito de Galiza, será aplicábel a normativa de eleccións ao Parlamento de Galiza.

7. Os envíos postais de propaganda do referendo gozarán da franquía e servizo especial de acordo co establecido pola normativa electoral.

Artigo 38. Campaña institucional

A partir da convocatoria da consulta e até a finalización da campaña informativa, as administracións competentes en función do ámbito da convocatoria poden realizar unha campaña institucional para informar á cidadanía sobre a data da consulta, o procedemento para votar, os requisitos e trámites do voto por correo e, se procede, do voto electrónico, e o texto da pregunta obxecto de consulta, sen que poida influírse en ningún caso sobre a orientación do voto.

Artigo 39. Papeletas

1. A xunta electoral debe aprobar o modelo oficial de papeleta, que debe conter impreso o texto da pregunta, e o modelo oficial de sobre e as actas que deben utilizarse na celebración da consulta popular.
2. A papeleta debe ser accesíbel ás persoas con discapacidade visual, de acordo co que estableza a normativa electoral.

Artigo 40. Votación

1. Na votación deben utilizarse as papeletas oficiais, de acordo co que establezan a convocatoria da consulta e a xunta electoral.
2. Son nulas as papeletas que non se axustan ao modelo oficial, as que suscitan dúbidas sobre a decisión do votante ou a votante e as que conteñen emendas, firmas ou palabras alleas á consulta introducidas de xeito voluntario polo elector.
3. Considérase voto en branco o sobre que non contén ningunha papeleta. Se o sobre contén máis dunha papeleta da mesma opción, o voto é válido. Se o sobre contén papeletas de diferentes opcións, o voto é nulo.

Artigo 41. Voto por correo

As persoas que estimen que o día da votación non estarán na súa localidade poden emitir o voto por correo, de acordo co establecido pola lexislación de réxime electoral xeral.

Artigo 42. Votación e escrutinio

1. Ao nove horas do día fixado para a votación e unha vez estendida a acta de constitución, debe iniciarse a votación, que debe continuar sen interrupción até as vinte horas, seguindo as instrucións que dea a xunta electoral.

2. Unha vez finalizada a votación debe facerse o escrutinio e estender a acta, na que debe indicarse detalladamente o número de electores, o de votantes, o de votos en branco, o de votos nulos e o de votos de cada unha das opcións formuladas pola pregunta sometida a consulta.
3. Unha vez feito o escrutinio e estendida a acta, a mesa, por medio do seu presidente ou presidenta, debe enviala á xunta electoral, a cal o día seguinte á votación debe facer o escrutinio xeral, de acordo coa normativa electoral, e debe comunicar o resultado á autoridade convocante.
4. No caso das consultas populares de ámbito de Galiza, unha vez transcorrido un prazo de cinco días desde a data do escrutinio sen que se produciron reclamacións, a xunta electoral proclama o resultado da consulta popular e envía unha copia á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galiza para que sexa publicada no Diario Oficial de Galiza.
5. No caso das consultas populares de ámbito municipal, o prazo de reclamacións e recursos será de un día, transcorrido o cal será proclamado o resultado.

Artigo 43. Reclamacións e recursos.

1. Se se presentar algunha reclamación contra o escrutinio, debe resolverse de acordo co establecido pola normativa electoral.
2. Contra os actos administrativos das diferentes administracións públicas que interveñen na celebración da consulta popular pode interporse, se procede, un recurso contencioso-administrativo.
3. Contra os actos da administración electoral pode interporse un recurso contencioso-administrativo de acordo coa lexislación electoral.

Artigo 44. Votación por medios electrónicos

1. As convocatorias de consultas populares poderán establecer un sistema de votación electrónica, tanto con carácter facultativo, de xeito que calquera persoa poida escoller entre votar cunha papeleta ou facelo electronicamente, como con carácter obrigatorio, de maneira que sexa a única forma de votación, que substituirá os procedementos previstos nesta Lei, previa supervisión e autorización pola administración electoral.
2. A utilización de medios electrónicos e o software electoral aplicábel ás consultas populares por vía de referendo deben respectar os principios democráticos xerais, os dereitos dos cidadáns e as garantías da lexislación electoral, e deben garantir a fiabilidade e seguridade do sistema, a transparencia e, especialmente:
 - a) A plena identificación do votante ou a votante, de modo que a canle de votación garanta que quen vota é realmente a persoa lexitimada para facelo.
 - b) O segredo do voto, de modo que non poida establecerse un vínculo entre o sentido do voto e a persoa que o emitiu.
 - c) A liberdade de voto, de modo que se exclúa calquera coerción ou influencia externa ao votante que determine a orientación do seu voto.
 - d) A posibilidade de que o votante verifique a emisión do seu voto.
 - e) A emisión dun só voto por persoa.
 - f) A presentación equitativa e fidedigna das preguntas e das opcións correspondentes.
 - g) O carácter público de todo o proceso electoral por medios electrónicos.
 - h) A seguridade técnica contra adicións, subtraccións ou manipulacións do sistema ou dos votos.
 - i) A accesibilidade e o coñecemento do hardware e o software electorais, de modo que a Administración pública, os partidos políticos e os cidadáns poidan comprobar a obxectividade do sistema e a fiabilidade dos resultados.
 - l) A auditoría integral de todo o sistema.

3. O Goberno galego porá a disposición dos entes locais unha plataforma tecnolóxica común que permita a implantación homoxénea do sistema de voto electrónico.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición Adicional Primeira. Cómputo dos prazos

Os prazos indicados en días pola presente lei compútanse como días hábiles se non se especifica o contrario. Os prazos indicados en meses compútanse de data a data, consonte o establecido na lexislación de procedemento administrativo común.

Disposición Adicional Segunda. Aplicación subsidiaria da normativa electoral

Para todas as cuestións relativas ás consultas populares por vía de referendo non reguladas pola presente lei é de aplicación a normativa electoral.

Disposición Adicional Terceira. Gastos xerados pola organización da consulta popular

Os gastos xerados pola organización da consulta popular serán sufragados pola administración convocante, con cargo aos seus orzamentos ordinarios.

Disposición Adicional Cuarta. Tempo gratuíto nos medios de comunicación de titularidade pública

O tempo gratuíto nos medios de comunicación de titularidade pública de que dispoñen as comisións promotoras no caso de consultas populares por vía de referendo de iniciativa popular é o que corresponde de acordo coa lei electoral, considerando a porcentaxe resultante das firmas válidas obtidas coma se fose a porcentaxe de votos válidos a que se refire dita lei.

Disposición Adicional Quinta. Garantías e transparencia do sistema de voto electrónico.

1. Con anterioridade á implantación do voto electrónico, o órgano competente en materia de modernización e administración electrónica da Xunta de Galiza, certificará a corrección de dito sistema. Corresponderá ao Goberno galego autorizar, en función desa certificación, o uso de medios electrónicos nas consultas populares por vía de referendo de ámbito municipal.
2. Unha comisión formada por seis expertos, dous designados polo Parlamento, dous designados polo Goberno galego e dous designados polas asociacións representativas dos entes locais, debe ter acceso a toda a información técnica, incluído os informes que se puideran recabar de técnicos ou entidades externas e independentes, e así mesmo entregará ao Parlamento de Galiza un informe anual en que se avalíe a adecuación á normativa electoral dos sistemas de voto electrónico utilizados.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Disposición derogatoria única.



Fican derogadas as normas de rango igual ou inferior que se opoñan ás disposicións da presente lei ou que as contraveñan.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Disposición Final Primeira. Desenvolvemento regulamentario

Autorízase ao Goberno galego para ditar as disposicións regulamentarias que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da presente lei.

Disposición Final Segunda. Entrada en vigor

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2012 13:47
Nº Rexistro: 586
Data envío: 20/11/2012 13:47:49.163

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE CONSULTAS POPULARES EN GALIZA

- Constitución española de 1978 (artigos 23, 92 e 149.1.32).
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galiza (artigos 3 e 4)
- Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, de regulación das diversas modalidades de referendo.
- Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.
- Lei 8/1985 do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galiza, modificada polas Leis 15/1992, do 30 de decembro e 12/2004 de 7 de decembro.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2012.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/11/2012 13:46:51



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2012 13:47
Nº Rexistro: 586
Data envío: 20/11/2012 13:47:49.163

María Montserrat Prado Cores na data 20/11/2012 13:46:55

María do Carme Adán Villamarín na data 20/11/2012 13:46:59

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/11/2012 13:47:05

María Tareixa Paz Franco na data 20/11/2012 13:47:11

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 20/11/2012 13:47:16

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/11/2012 13:47:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 20944(09/CPP-000160)



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para informar da internacionalización da economía galega

Publicación da iniciativa, 257, 20.03.2014



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía e Industria para informar “da internacionalización da economía galega”.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 21515(09/MOC-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e Méndez Romeu, José Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 16970, publicada no BOPG núm. 224, do 17.01.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Ramón Val Alonso, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 25 de marzo de marzo de 2014, sobre o acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014.

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) Rexeite o modelo de reparto para a cota da xarda e do xurelo aplicado polo Goberno do Estado para este ano 2014.

2º) Defenda diante do Goberno do Estado un novo modelo para os anos vindeiros onde, preferentemente, se teña en conta como criterio fundamental o número de tripulantes por embarcación, de xeito que a distribución da totalidade da cota asignada pola UE o noso Estado se faga de xeito lineal como se acordou para a flota de arrastre xa neste ano.

3º) Rexeite o actual modelo de TAC´s (total anual de capturas) e cotas da Unión Europea baseado no principio de estabilidade relativa por consideralo prexudicial para os intereses da flota galega, e buscar un modelo no que as posibilidades de pesca da nosa flota se adapten realmente ao estado do recurso.

4º) Que se dirixa o Goberno do Estado e solicite a revisión do pagamento da sanción por sobrepesca, con excedente de cota doutras especies ou con contrapartida económica de xeito que permita poñer a disposición do sector 7.000 toneladas adicionais.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2014



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2014 10:45
Nº Rexistro: 21515
Data envío: 28/03/2014 10:45:38.215



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 28/03/2014 10:43:41

José Luís Méndez Romeu na data 28/03/2014 10:43:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 21521(09/MOC-000066)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa privatización de servizos realizada polo Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 17972, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa da súa deputada, **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a **Interpelación (núm. rexistro 17972)**, debatida no Pleno celebrado 26 de marzo de 2014, sobre a privatización de servizos realizada polo Sergas.

MOCIÓN:

O Parlamento Galego insta á Xunta a adoptar as seguintes medidas:

1.- Remitir á Cámara os estudos indicativos da necesidade de acometer contratos privados para a prestación dos seguintes servizos ou/e realización de obras ou traballos para a Consellería de Sanidade e o Servizo galego de Saúde:

- a) Suministro enerxético, mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos edificios Xerencia de A Coruña.
- b) Xestión Integral de espazos no CHUO.
- c) Suministro enerxético prestacional e servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos do Hospital Arquitecto Marcide e Hospital Naval de Ferrol.
- d) Realización de probas de laboratorio para centros dependentes do Servizo galego de Saúde.
- e) Transporte sanitario aéreo.

f) Diálogo Competitivo provisión de servizos diagnóstico por imaxe, radioterapia, intervencionista e medicina nuclear.

g) Provisión servizos esterilización no Servizo galego de Saúde.

2.- Paralizar todas as privatizacións en curso (diálogos competitivos, concursos provisión servizos, etc).

3.- Realizar un informe rigoroso co persoal do Servizo Galego de Saúde sobre a situación de todos estes servizos coa finalidade de implementar melloras dende a Sanidade Pública.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2014

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/03/2014 12:46:18

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 28/03/2014 12:46:26

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 21544(09/MOC-000067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros sanitarios do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 17278, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)

 Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Carmen Acuña do Campo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 26 de marzo de 2014, sobre o anuncio polo Sergas da contratación de servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos seus centros sanitarios (09/INT-000610, doc. núm. 17278)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

- 1.- De forma inmediata se anule a privatización do servizo de esterilización, comprometéndose de maneira firme e decidida pola xestión pública do mesmo.
- 2.- Se anule todas as privatizacións que ten previsto levar a cabo a Consellería de Sanidade, tanto en relación a construción de novas infraestruturas como para a adquisición de altas tecnoloxías ou calquera outro recurso sanitario.
- 3.- Se inicie a reversión de todas as privatizacións realizadas dende o ano 2009 no sistema sanitario público galego.
- 4.- Se retire o decreto de áreas de xestión clínica que rexeita de forma unánime a maior dos e das profesionais do Sergas.
- 5.- Se comprometa de forma inequívoca con carácter universal, público e gratuíto no momento de recibir asistencia e de calidade do sistema sanitario galego.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2014 18:28
Nº Rexistro: 21544
Data envío: 28/03/2014 18:28:31.383

 Grupo Parlamentario



Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 28/03/2014 18:27:50

José Luís Méndez Romeu na data 28/03/2014 18:27:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

4. Propositions non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 8523(09/PNP-000646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto de calquera tipo de privatización do servizo do Rexistro Civil, e a demanda do Goberno galego ao Goberno central para que se manteña coas características e custo que se viñan ofrecendo

Publicación da iniciativa, 119, 12.06.2013

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, **Juan Carlos González Santín, Abel Losada Alvarez e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno do Partido Popular continúa coa súa axenda de recortes, a pesar de que Mariano Rajoy accedeu ao Goberno a través dun programa electoral, que prometía non recortar os servizos dos cidadáns. Non obstante, a realidade foi ben distinta. O Partido Popular non deixou ningunha abertura de osíxeno ao Estado de Benestar construído durante os diferentes gobernos socialistas, encargado de democratizar o ben común, e o acceso aos servizos públicos.

Tras as reformas laborais, sanitarias e de educación, parece que o foco de atención se dirixe agora sobre a administración xudicial. O Ministro de Xustiza preparou unha reforma do Rexistro Civil para que as súas funcións e carga laboral pasen a depender dos rexistradores da propiedade.

Convén recordar que a reforma do Rexistro Civil para baleiralo de contido e transferir o seu traballo ao Rexistro da propiedade é un atentado contra a idea emanada da Constitución de entender a xustiza como un ben público. Ademais temos que ter en conta a cantidade inxente de recursos públicos que se gastaron na modernización e informatización deste servizo público do que agora se van beneficiar uns poucos. E é que, a pesar de que Gallardón incidiu en numerosas declaracións en que algúns servizos seguirán sendo gratuítos, a realidade é diferente. O proxecto de lei recolle que os gastos dos rexistradores da propiedade e mercantís sufragarán integramente os custos derivados da prestación do servizo público do Rexistro Civil, incluíndo os seus honorarios mediante a aplicación dos aranceis correspondentes. É evidente que a nova reforma é un novo asalto aos máltritos petos dos cidadáns, que van pasar de ter un servizo público sufragado por eles mesmos vía impostos a ter que repagar un servizo xa pagado e do que só se beneficiaran rexistradores e notarios.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cabe recordar ademais que o Rexistro Civil é unha administración indispensable para os cidadáns: inscribir un recentemente nado, solicitar certificados de defunción, pedir a patria potestade ou iniciar expedientes matrimoniais son algúns dos servizos que ofrece o rexistro. É evidente que o PP, novamente, carga sobre os servizos indispensables a factura da crise provocada polo sistema financeiro.

Polo exposto, e ante o novo recorte que formula o Goberno de Mariano Rajoy, o Grupo Parlamentario Socialista expón para o seu debate, e posterior aprobación, a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia manifesta o seu total rexeitamento a calquera tipo de privatización do servizo do Rexistro Civil, e insta a Xunta de Galicia para que interceda polos cidadáns que representa, esixindo ao Goberno Central o servizo ofrecido polo Rexistro Civil nas mesmas características e custo que se viñeron ofrecendo ata agora.

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2013

Asdo.: Juan Carlos González Santín
Beatriz Sestayo Doce
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 31/05/2013 13:47:37

Beatriz Sestayo Doce na data 31/05/2013 13:49:56

José Antonio Sánchez Bugallo na data 31/05/2013 13:50:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/05/2013 13:50:10

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 16587(09/PNP-001179)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e 6 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de xeito
conxunto coas universidades dun novo mapa de titulacións
acorde coas demandas da sociedade galega

Publicación da iniciativa, 226, 21.01.2014

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa de Román Rodríguez González, Antonio Mouriño Villar, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Piñeiro Martínez, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino e María Dolores Faraldo Botana, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

O ensino universitario ten experimentado en Galicia un considerable avance en todos os parámetros de referencia. Dunha única universidade, pásase á creación dun Sistema Universitario Galego (SUG), integrado por 3 universidades, 7 campus e unha ampla oferta de titulacións.

O desenvolvemento da oferta formativa ten tido, sen embargo, unha serie de debilidades que se poden sintetizar na duplicidade de oferta de certas titulacións, e na presenza de graos de moi débil demanda por parte do estudantado e a sociedade galega.

Existe un amplo consenso en destacar a importancia da universidade como un servizo público esencial para a cidadanía. E, tamén, en que a súa misión céntrase en dar servizo ás inquiredanzas e necesidades da sociedade, debendo evolucionar na súa organización e estrutura en consonancia aos cambios do entorno no que se ubica.

Nos últimos anos, e partindo da responsabilidade e dun marco de respecto mutuo e cooperación, a Xunta de Galicia e as institucións do SUG teñen acadado grandes acordos, tales como o Decreto 222/2011 ou a recente Lei de Universidades, que fixan as liñas mestras do modelo futuro de ensino superior.

Nos anteriores marcos fíxanse unha serie de plantexamentos orientados á mellora integral do SUG. Coincídese así na necesidade de evitar duplicidades na oferta formativa, de coordinar os recursos cos que contan as 3 universidades, fomentar a cooperación interuniversitaria, adecuar as titulacións ás demandas reais da sociedade galega, etc.

Nesta liña a Xunta de Galicia ven de abrir un proceso de diálogo coas universidades, tendente a definir un novo mapa de titulacións para o século XXI, que posibilite racionalizar o modelo formativo superior e dar servizo á cidadanía e ao sistema produtivo, de xeito acorde coas necesidades do momento. Un proceso de diálogo e traballo orientado, en esencia, a dotarnos dun SUG integrado, sostible, coherente, con vocacións de futuro e que de resposta aos anhelos e necesidades da cidadanía.

Por estes motivos,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver de xeito conxunto coas universidades un novo mapa da oferta de titulacións de ensino universitario no que, partindo da autonomía universitaria, se teña en conta o Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias tendente a evitar a duplicidade de titulacións ou reestruturar aquelas de moi débil demanda, ao fin de contar cun mapa de ensino universitario acorde coas demandas da sociedade galega.”

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdeg Galicia.com



Pedro Puy Fraga na data 16/12/2013 12:20:03

Román Rodríguez González na data 16/12/2013 12:20:27

Antonio Mouriño Villar na data 16/12/2013 12:20:50

Moisés Blanco Paradelo na data 16/12/2013 12:20:58

María Soledad Piñeiro Martínez na data 16/12/2013 12:21:18

Agustín Baamonde Díaz na data 16/12/2013 12:21:35

Hipólito Fariñas Sobrino na data 16/12/2013 12:21:41

María Dolores Faraldo Botana na data 16/12/2013 12:21:50

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 17374(09/PNP-001253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas de Galicia, singularmente coa da AP-9, e a recuperación da titularidade pública desta vía

Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**, relativa ás actuacións que ten previsto levar adiante o Goberno galego, en relación coas peaxes das autoestradas, singularmente coa AP-9.

O pasado 1 de xaneiro os galegos e galegas vían de novo como as peaxes das autoestradas galegas incrementaban os seus prezos. Estamos ante un novo abuso que converte o acceso ás autoestradas nun artigo de luxo e que agrava a crise que o sector do transporte atravesa no noso país.

De feito, as autoestradas galegas son das máis caras de todo o Estado e as que menos bonificacións presentan. Unha discriminación clara, que se agrava no caso da AP-9 cuxo percorrido íntegro xa supera os 20 euros. Co agravante de ser unha vía de peaxe na que non hai alternativa real, sendo moitas e moitos os condutores cautivos da mesma. Mais a AP-9 é tamén a mostra clara e evidente da grande estafa que supuxo a súa privatización: un grande negocio para Audasa, unha ruína para a cidadanía. Os galegos e galegas non obtivemos ningún beneficio real da súa privatización, só incrementos abusivos das peaxes todos os anos.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que esta situación é gravosa para o conxunto de Galiza e debe ser revisada con urxencia. Non é normal que viais estruturantes dunha parte relevante do territorio se convertan nun freo ao noso desenvolvemento e á mobilidade das e dos cidadáns galegos.

Estamos ademais nun momento de crise económica, cuns niveis de paro escandalosos e cunha forte baixada dos salarios na Galiza, con incremento dos prezos dos combustíbeis e dos impostos asociados aos mesmos. Xustamente neste contexto a



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2014 09:30
Nº Rexistro: 17374
Data envío: 15/01/2014 14:28:30.526

suba das peaxes é un freo ao desenvolvemento económico da Galiza e unha nova penalización ao conxunto de galegos e galegas que usan esta vía.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) formula a a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a reclamar do Goberno do Estado que:

1.- Anule a decisión de incrementar no ano 2014 as peaxes das autoestradas que o Estado ten na Galiza, e aplique unha rebaixa das tarifas que actualmente están en vigor.

2.- Demandar á concesionaria da AP-9 un programa real descontos para as e os usuarios desta vía, similar ao que existe noutras autoestradas do Estado.

3.- Realizar as actuacións e estudos necesarios, para dar pasos cara a recuperación da titularidade da AP-9, de xeito que poda converterse nunha vía pública e gratuíta.

4.- Iniciar un proceso de negociación do traspaso da titularidade da AP-9 á Xunta de Galiza.

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a establecer nas autoestradas galegas con peaxes, rebaixas nas peaxes que pagan as e os usuarios destas vías.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2014

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2014 09:30
Nº Rexistro: 17374

Data envío: 15/01/2014 14:28:30.526

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/01/2014 14:26:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

- 4.4 18201(09/PNP-001314)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 6 máis
Sobre a estratexia de apoio á poboación xitana
Publicación da iniciativa, 232, 06.02.2014

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Iñíguez Martínez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Javier Dorado Soto e Miguel Ángel Tellado Filgueira ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

Os proxectos desenvolvidos polos concellos galegos en relación ao Plan de Desenvolvemento do pobo xitano, están financiados de maneira conxunta polo Ministerio de Sanidade e Política Social e a Consellería de Traballo e Benestar.

Xunta de Galicia e Ministerio financian actuacións específicas de intervención social para a atención, prevención da exclusión e promoción das comunidades xitanas.

As áreas de actuación incluídas dentro desta Plan son as seguintes:

- Servizos Sociais ou Acción Social.
- Educación.
- Saúde.
- Infraestruturas de Produción e Comercio.
- Infraestrutura Urbanística.
- Vivenda e Aloxamento.



- Asociacionismo e Cooperación Social.
- Formación Profesional e Fomento do Emprego.
- Cultura.

Integrando as prioridades e metodoloxía de actuación dos plans galego e estatal de desenvolvemento xitano, determínase para os concellos galegos as áreas prioritarias de intervención a as estratexias.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesaria a elaboración dunha estratexia galega de apoio á poboación xitana, co obxecto de reforzar e afondar nas áreas de emprego, vivenda e educación entre outras.

Por todo o exposto,

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia galega de apoio á poboación xitana, co obxectivo de reforzar e afondar nas áreas de emprego, vivenda e educación, entre outras”.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/01/2014 13:26:04

Marta Rodríguez Arias na data 29/01/2014 13:26:16

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 29/01/2014 13:26:17

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdgalicia.com



Jaime Iñíguez Martínez na data 29/01/2014 13:26:19

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 29/01/2014 13:26:23

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 29/01/2014 13:26:35

Javier Dorado Soto na data 29/01/2014 13:26:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/01/2014 13:26:51

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 18346(09/PNP-001325)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a transposición da Directiva da Unión Europea sobre
contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial

Publicación da iniciativa, 232, 06.02.2014

Á MESA DO PARLAMENTO:

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa do deputado **Antón Sánchez García** e a través do seu portavoz **Xosé Manuel Beiras Torrado**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa a instar do goberno do Estado á inmediata transposición da Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O Parlamento Europeo e a Comisión Europea veñen de dar recentemente a súa aprobación final á Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial.

A directiva aplicarase aos contratos de crédito garantidos por unha hipoteca ou por outra garantía comparable utilizada nun Estado membro, así como aos contratos cuxa finalidade sexa adquirir ou conservar dereitos de propiedade sobre terreos ou edificios. As novas regras adaptaranse aos distintos mercados hipotecarios dos Estados membros, aínda que a información ao consumidor terá que presentarse nun formato homoxéneo en toda a UE.

Entre as medidas que se acordaron están as relativas a :

- un período obrigatorio de reflexión de sete días antes de asinar un contrato hipotecario, ou ben do mesmo período de sete días para retractarse trala sinatura, segundo o decida cada país.
- demoras en relación cos desafiuzamentos coa esixencia de facilitar a dación en pago e evitando o sobre-endebedamento a longo prazo.
- flexibilidade na amortización da débeda
- medidas relativas aos préstamos irresponsables, de prohibición de condicionamentos dos préstamos e de garantías na taxación dos inmobles.

A UE da un prazo de dous anos para que os estados membros traspoñan a directiva á súa lexislación.

2.- A Directiva non supón, nin moito menos, unha solución definitiva á problemática existente dos desfiuzamentos nin ás desiguais condicións dun mercado hipotecario favorecedor das entidades financeiras e en manifesto perxuízo da cidadanía.

En calquera caso, sí supón un avance potencialmente significativo respecto da normativa vixente española, en especial respecto da dación en pago, dos procesos de desfiuzamento e das condicións e garantías dos préstamos hipotecarios. Avance que debe consolidarse e materializarse con ocasión da transposición efectiva da Directiva, modificando e, no seu caso, derogando a normativa actualmente vixente na materia.

É por todo isto que Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado:

1.- Á inmediata transposición da Directiva europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial.

2.- En aplicación e desenvolvemento da mencionada Directiva, á modificación da lexislación hipotecaria e de regulación do mercado hipotecario, de enxuízamento civil, de subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, coa finalidade de ampliar os supostos de dación en pago e de maiores garantías e defensa nos procesos de desfiuzamento, de limitación aos custos hipotecarios e, en xeral, de implantación de medidas efectivas de protección e defensa da cidadanía consumidora de ditos contrato de crédito.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.
Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 30/01/2014 13:57:16

Antón Sánchez García na data 30/01/2014 13:57:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 20770(09/PNP-001424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución do imposto sobre os hidrocarburos ao sector do transporte, o establecemento dun novo Plan Renove para os vehículos destinados a ese fin e o control do cumprimento do acordo entre España e Turquía do 3 de marzo de 1998

Publicación da iniciativa, 257, 20.03.2014

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Pleno para a súa tramitación urxente.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola alarma social xerada ante a gravidade deste asunto.

Exposición de motivos

O sector de transporte de mercadorías por estrada vén soportando condicións de competencia e de custos crecentes que teñen provocado a desaparición de 2000 empresas galegas. Trátase dun sector con 20000 empregos directos en Galicia e que representa o 5% do PIB. O incremento recente pola Xunta do imposto de hidrocarburos ata o límite máximo, do que tiveron coñecemento polos medios de comunicación, foi un paso máis nun proceso de asfixia. Aínda que existe un mecanismo de devolución, non afecta ó transporte lixeiro, está limitado a 50000 litros para os transportes internacionais e vetado ós transportistas con depósitos de subministro propios. Doutra banda o mecanismo de devolucíons acumula retrasos de ata un ano.

O sector demanda a devolución íntegra dese novo imposto e a inclusión dos segmentos de transporte hoxe excluídos. As cifras son relevantes, pois un vehículo medio consume cinco mil litros de combustible mensuais.

Doutra banda a crise económica está reducindo os programas de mantemento de vehículos e prolongando a vida útil co incremento do risco na seguridade viaria. Son habituais nas estradas vehículos con máis de 1'5 millóns de quilómetros recorridos. Faise necesario un novo Plan Renove de vehículos de transporte.

A capacidade de presión dos grandes operadores loxísticos, con actividade principal diferente do transporte, vén impondo a este condicións de grande esixencia en materia de carga e descarga da mercadoría, que

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

reducen o marxe de beneficio. Ademais, se está incumprindo o acordo bilateral con Turquía de 3 de marzo de 1998, con graves prexuízos para as empresas galegas, polo que estas demandan do Goberno central unha actuación máis rigorosa no seguimento do mesmo. Mesmo estase producindo un asentamento precario de transportistas daquel país no polígono de Sabón, con prácticas de cabotaxe contrarias ó convenio vixente.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta a:

1. Artellar os mecanismos necesarios para a plena devolución do imposto sobre os hidrocarburos que grava o transporte, incluíndo aqueles segmentos hoxe excluídos do mecanismo de devolución, como o transporte lixeiro e o transporte internacional.
2. Trasladar ó Goberno de España a necesidade de establecer un novo Plan Renove para vehículos de transporte
3. Trasladar á Delegación do Goberno a necesidade de controlar o estrito cumprimento do devandito acordo entre os Estados de España e Turquía.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 12/03/2014 09:47:12

María Carmen Gallego Calvar na data 12/03/2014 09:47:22

Pablo García García na data 12/03/2014 09:47:25

Juán Carlos González Santín na data 12/03/2014 09:47:31

María Remedios Quintas Álvarez na data 12/03/2014 09:47:38

María Soledad Soneira Tajés na data 12/03/2014 09:47:43

María Concepción Burgo López na data 12/03/2014 09:48:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2014 10:54
Nº Rexistro: 20770
Data envío: 12/03/2014 10:54:33.357



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/03/2014 09:48:08

Manuel Vázquez Fernández na data 12/03/2014 09:48:12

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 12/03/2014 09:48:17

Raúl Fernández Fernández na data 12/03/2014 09:48:25

Beatriz Sestayo Doce na data 12/03/2014 09:48:31

José Manuel Gallego Lomba na data 12/03/2014 09:48:37

María Carmen Acuña do Campo na data 12/03/2014 09:48:42

José Antonio Sánchez Bugallo na data 12/03/2014 09:48:49

José Ramón Val Alonso na data 12/03/2014 09:48:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/03/2014 09:49:29

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 12/03/2014 09:49:33

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 20883(09/PNP-001431)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre a concesión da Medalla de Ouro de Galicia a título
póstumo aos dous obreiros da empresa Bazán de Ferrol
falecidos durante unha manifestación o 10 de marzo de 1972

Publicación da iniciativa, 257, 20.03.2014



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa da súa deputada **Consuelo Martínez García** e a través do seu portavoz **Xosé Manuel Beiras Torrado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O 10 de Marzo de 1972, os traballadores da Bazán están en folga por mor da negociación do Convenio Colectivo. Acababa de asinarse en Madrid o novo convenio colectivo, os traballadores querían o seu propio convenio galego. O día 9 prodúcese un paro total no estaleiro. A empresa anuncia suspensión de emprego e soldo. Os traballadores, que ocupan a fábrica, reúnen en asemblea. Ás 17:15 horas a policía irrompe con gran violencia, obrigando aos traballadores a saír á desbandada. Fora lles esperan máis policías. O 10 de Marzo, os traballadores se concentran ante Bazán, que ten as portas pechadas. Os traballadores recorren as rúas de Ferrol, parando nas demais fábricas pedindo a solidariedade dos obreiros que se van unindo á manifestación. Os traballadores parten en grupo cara a ponte das Pías. Alí lles embosca a policía e comenza a carga policial. Os traballadores responden as agresións policiais con paus e pedras. A policía responde con pistolas e metralletas. Hai varios feridos de bala, e Amador Rei e Daniel Niebla caeron mortos. Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla García, obreiros de Ferrol, asasinados pola policía franquista por defender o dereito a un salario digno e a un convenio galego. Amador e Daniel foron enterrados ao día seguinte. O funeral converteuse nun acto de solidariedade da clase obreira, celosamente vixiado pola Garda Civil. O mesmo día do asasinato, por toda Galiza sucédense as mostras de solidariedade e duelo. Prodúcese paros importantes en varias fábricas de Galicia, como en Citroën, convócase folga xeral en Galicia e celébrase unha manifestación na Porta do Sol de Vigo na que participan traballadores e traballadoras de todos os sectores. O 20 de Marzo, os traballadores de Bazán volven ao traballo, coas portas fortemente vixiadas pola policía, armada con metralletas.

O Parlamento de Galicia, consciente da débeda que o pobo galego ten coa clase obreira galega, coa cidadanía de Ferrol e coas familias de Amador e Daniel, condena os feitos represivos ocorridos en Ferrol en marzo de 1972 e lamenta o asasinato a mans da policía franquista de Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla García.

O Parlamento de Galicia, en resposta a esta condena e ao recoñecemento a Amador Rei e Daniel Niebla, insta á Xunta de Galiza para que lles sexa outorgado a título póstumo a Medalla de Ouro de Galiza.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 13/03/2014 16:35:22

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 13/03/2014 16:35:31

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 21255(09/PNP-001455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a presentación polo Goberno galego diante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas dun recurso para a anulación do principio de estabilidade relativa na repartición das cotas pesqueiras

Publicación da iniciativa, 261, 26.03.2014



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados **Daniel Rodas Chapela** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando ao Goberno galego a presentar diante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas un recurso de anulación contra o Principio de Estabilidade Relativa imperante na UE e que discrimina a Galiza.

O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas é o que interpreta o Dereito da UE para garantir que se aplique a normativa vixente do mesmo xeito en todos os países membros. Tamén resolve conflitos legais entre os gobernos e as institucións, así como tamén atende reclamacións de particulares, empresas e organizacións, si consideran que algunha institución da UE vulnerou os seus dereitos.

No reparto de cotas do ano 2014, evidénciase un ano máis, unha situación claramente discriminatoria para Galiza, xa que aínda que nalgúns especies sobre a porcentaxe de capturas, esta vese condicionada polo reparto que establece o PER (Principio de Estabilidade Relativa) e así podemos comprobar como, a pesares dos incrementos de capturas, a proporción sempre é claramente beneficiosa para os outros países membro e maiores tamén as diferenzas.

E así podemos comprobar ano tras ano que se segue mantendo este Principio que outorga beneficios para uns países costeiros mentres se truncan as posibilidades de que a nosa frota teña dereito a unhas cotas que lle permitan un trato igualitario. Igual poderíamos por de exemplo as especies que podemos



pescar, pois mentres a frota galega unicamente pode pescar en augas comunitarias: pescada, rape, gallo, outros países nas mesmas augas poden pescar ata nove especies diferentes, existindo unha gran diferenza na aplicación de determinadas normativas, pois non é o mesmo que poidas pescar todas as especies dun banco que unicamente teñas acceso a tres especies.

A situación ven manténdose dende o ano 1986, malia que había certo compromiso de que no futuro esta situación se podería cambiar, a realidade é que lle favorece amplamente a moitos países socios, con intereses na pesca, polo que non mostran o máis mínimo interese en que esta situación se modifique. Constatando unha realidade evidente: a eles sóbranalles cotas pesqueira, mentres que para o noso País son totalmente insuficientes e discriminatorias ao non existir proporcionalidade entre o número de barcos e a cota a que ten dereito cada zona pesqueira.

Sendo Galiza, unha das zonas onde maior dependencia temos da pesca, co maior número de embarcación e cuxa actividade pesqueira ten unha maior incidencia no PIB, encontrámonos con que o reparto ven marcado polos criterios de acceso e que os mesmos non se modifican para poder corrixir dita situación e poder compensar a discriminación histórica a que está sometido o noso País. Queremos un trato igualitario, no reparto de cotas, en función do número de tripulantes e empregos directos. Queremos poder pescar nas mesmas condicións que os países que realizan dita actividade ao noso costado. Nin máis nin menos. Igual trato que calquera outro barco ou flota europea.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2014 18:29
Nº Rexistro: 21255
Data envío: 20/03/2014 18:29:49.578

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno Galego a presentar diante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas un recurso de anulación contra o Principio de Estabilidade Relativa imperante na UE e que discrimina a Galiza.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 20/03/2014 18:24:30

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/03/2014 18:24:37

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 12585(09/INT-000469)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre o sector da construción naval

Publicación da iniciativa, 166, 25.09.2013

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación** para a súa resposta en **Pleno**.

En apenas tres meses, en decembro, está previsto que se finalicen en Navantia Ferrol-Fene os traballos de construción do ALHD 'Adelaide', o segundo dos dous megabuques anfibios encargados por Australia en 2007, e que na actualidade xera ocupación para preto de 800 operarios, inda que esta cifra podería ir descendendo segundo avancen as semanas.

A saída do megabuque australiano do estaleiro de Navantia Ferrol-Fene provocará que un número elevado de traballadores do seu cadro de persoal se queden sen ocupación e os estaleiros públicos queden sen carga de traballo, de non ser que se inicie o flotel para a petroleira mexicana Pemex, anunciado o 19 de setembro pasado, pero que inda non ten data de inicio.

A historia dos estaleiros galegos estivo marcada polas perdas. Dende o ano 2005, no que se creou Navantia -resultante da última reconversión naval e herdeiro dalgunhas das factorías de Izar-, só no 2007 lograronse resultados positivos, pero pese a atravesar por momentos delicados, ata agora nunca o máximo portavoz dos estaleiros debuxara un panorama tan negro e xamais situara á empresa tan fora do mercado.

O presidente de Navantia, José Manuel Revuelta, afirma que os estaleiros públicos non son competitivos, presentan perdas que non deixan de medrar, problemas de tesourería e modelos de buques obsoletos. Nunha carta enviada ao persoal de Navantia, advirte da difícil situación pola que atravesa a empresa e anuncia un plan estratéxico para intentar revertir a situación e que será presentado o próximo 4 de decembro.

Achaca a difícil situación á falla de competitividade, a ausencia dunha cultura de custes, a obsolescencia gradual dos produtos desenrolados por falta de novos contratos, e non contar con capacidades relevantes como sistemista. Anuncia un plan de aforro de custes, a redefinición do programa do novo submarino e a potenciación de áreas como a de reparacións navais ou de apoio ao ciclo de vida dos novos buques.

Un asunto de gran repercusión sería o levantamento da prohibición por parte da UE para a construción civil en Navantia Ferrol, hoxe limitada practicamente á construción de buques para a armada.

En definitiva, o futuro inmediato de Navantia está máis preto do peche definitivo das súas instalacións que da súa recuperación. En tres meses a realidade de Ferrolterra pode ser máis que dramática, xa que o peche de Navantia arrastraría á ruína a toda a comarca e o seu nivel de desemprego sería o maior do estado.

Polo exposto, AGE formula a seguinte Interpelación:

- 1.- Que iniciativas está a tomar a Xunta de Galicia para que Navantia non se vexa abocada ao peche a final de ano?
- 2.- Tras nove meses de promesas, cando se empezarán a construír na Galiza os floteis de Pemex?
- 3.- Que actuacións ten realizado o goberno galego ante a Unión Europea en relación ao dique flotante de Ferrol?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2013.

Asdo.: Consuelo Martínez García
Deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 18/09/2013 16:59:45

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 15514(09/INT-000530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre a nova carteira de servizos en materia de inclusión social

Publicación da iniciativa, 204, 28.11.2013

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Pleno de data 12 de novembro de 2013, comparecía a Conselleira de Traballo e Benestar para dar conta das novas carteiras de servizos en materia de dependencia (xa publicada no DOG mediante decreto), maiores e discapacidade, infancia e familia e inclusión.

Como puidemos constatar tanto polo dito na comparecencia como polo xa coñecido a través do DOG estas novas carteiras de servizos nin poñen en marcha novos servizos para as persoas usuarias, nin incrementan os recursos económicos para prestar estes servizos nin se dotan de máis persoal os centros onde se prestan estes servizos.

Trátase dunha nova clasificación dos servizos que pola súa imposible realización coa actual escaseza de medios humanos e materiais, vai abocar a situacións que reverteren os servizos sociais a épocas pasadas, con centros convertidos en "aparcadoiros de persoas" e con moitos dos servizos externalizados ou privatizados, e cunha considerable merma da calidade do resto.

Dado que ademais o diálogo sobre estas "carteiras de servizos" está ausente da práctica política da Consellería de Traballo e Benestar, posto que nin concellos, nin profesionais foron escoitados nin tidos en conta (máis alá dunha enquisa), as deputadas ante este evidente cambio de modelo, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que organizacións, grupos de profesionais e concellos participaron ou participan da elaboración da carteira de servizos de inclusión?
2. Que alegacións presentaron e cales foron atendidas? Como vai influír esta nova carteira de servizos nos copagos que as persoas usuarias realizan polos mesmos?
3. En que considera a consellería que mellora a calidade de vida das persoas usuarias e o funcionamento dos centros con esta carteira de servizos?

 Grupo Parlamentario

4. Garante o Goberno galego que non vai privatizar a prestación de ningún destes servizos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2013

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 20/11/2013 13:18:49

María Carmen Acuña do Campo na data 20/11/2013 13:18:54

María Remedios Quintas Álvarez na data 20/11/2013 13:18:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 19518(09/INT-000692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre o sistema de préstamo universal dos libros de texto

Publicación da iniciativa, 245, 26.02.2014



Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ao sistema de préstamo universal dos libros de texto

O Grupo Parlamentar do BNG sempre defendeu un sistema de ensino galego, público, universal, de calidade, laico e gratuíto, de cara a favorecer o dereito de acceso á escolarización a todo o alumnado galego e de cara a favorecer o dereito á igualdade de oportunidades.

Lamentabelmente, o Grupo Parlamentar do BNG ven denunciando a perda deste dereito á igualdade de oportunidades do alumnado galego, polo continuo retallamento das inversións neste servizo público fundamental dende que Goberna o Sr. Feijoo. No debate dos orzamentos 2014 mesmo manifestamos que cos orzamentos propostos polo sr. Conselleiro de Educación, seguimos AVANZANDO nos continuos recortes orzamentarios, no deterioro do ensino público e no camiño da privatización e de posta en práctica do proxecto LOMCE.

Coa implantación da LOMCE nos cursos de 1º, 3º e 5º, para o curso 2014-2015, todos os libros de texto deberán cambiar para se adaptaren á LOMCE. Este cambio vai supoñer para moitas familias un gasto inasumíbel ao verse obrigadas a mercar todos os libros que precisen os seus fill@s sen poder recorrer a préstamos de irmáns, familiares ou amigos.

No contexto socioeconómico especialmente difícil no que estamos: desemprego, salarios cada vez máis baixos, con moitas familias sen ingresos,..., o BNG considera que



resultaría fundamental que o Goberno galego retomase o sistema de préstamo universal dos libros de texto; única maneira de garantir a gratuidade do ensino básico obrigatorio.

O Grupo Parlamentar do BNG considera que o sistema de préstamo universal de libros de Texto é a mellor ferramenta para garantir a gratuidade do ensino básico obrigatorio; esta mesma consideración xa a teñen manifestado moitas Anpas, Sindicatos de ensino e partidos políticos; mesmo a “Defensora del Pueblo” formulou unhas recomendacións ás autoridades educativas para: **“Aplicar preferentemente sistemas de préstamo e reutilización dos libros de texto, pola súa maior eficiencia e menor custe” e para “Favorecer esta utilización no ensino obrigatorio”,** pola súa indubidábel contribución ao proceso educativo do alumnado e á adquisición de hábitos cívicos e de convivencia.”

Polo exposto formúlase a seguinte Interpelación:

1.- Considera a Xunta que está cumprindo coas súas obrigas de garantir a gratuidade do ensino obrigatorio básico na Galiza?

2.- É consciente a Xunta de Galiza da situación socioeconómica e laboral pola que están atravesando unha parte moi importante das familias galegas.?

3.-Realizou a Xunta algún informe das vantaxes que supón o sistema de préstamo universal de cara a garantir a gratuidade do ensino básico obrigatorio?

4.- Dispón a Xunta de algún estudo sobre o impacto que a aplicación da lei Wert supoñerá para as familias galegas no referente á renovación dos textos o vindeiro curso académico?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2014 12:56
Nº Rexistro: 19518
Data envío: 17/02/2014 12:56:52.770

5.- Comparte a Xunta de Galiza as recomendacións formuladas pola “Defensora del Pueblo” cando afirma que “el carácter gratuito de la enseñanza en los niveles educativos obligatorios constituye un instrumento dirigido a garantizar el acceso de todos a tales estudios, y considera por ello que dicho carácter gratuito debería hacerse extensivo a los libros de texto o material didáctico utilizados para cursar los referidos niveles, lo que exige medidas que hagan posible el acceso de los alumnos a los mismos sin coste alguno”?

6.- Non considera a Xunta de Galiza que para o curso 2014-2015 sería o momento oportuno para poñer en práctica as recomendacións da “Defensora del Pueblo”, que ademais reclaman moitas AMPAS Galegas e os propios sindicatos do ensino?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2014

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/02/2014 12:54:32

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 21555(09/POPX-000068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre o nivel de execución dos compromisos do Goberno galego

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luís Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, como valora o nivel de execución dos seus compromisos?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 31/03/2014 11:19:09

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 21583(09/POPX-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para loitar
contra a crecente pobreza enerxética en Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2014 13:52
Nº Rexistro: 21583
Data envío: 31/03/2014 13:52:34.830

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Qué medidas vai adoptar contra a crecente pobreza enerxética en Galiza?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 31/03/2014 13:52:05

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 21601(09/POPX-000070)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reverter
a situación de crecente desprotección social



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Vicevoceira do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, Voceira aos efectos da formulación da pregunta ao Presidente, ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias de 29 de xaneiro de 2002, presenta a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**, para a súa resposta oral no Pleno.

- Que medidas vai adoptar o goberno galego para reverter a insoportable situación de crecente desprotección social que sofre este país?

Compostela, 31 de marzo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 31/03/2014 18:06:33

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 21600(09/PUP-000104)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 7 máis

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación
coa vaga de corrupción político-empresarial



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xosé Manuel Beiras Torrado, Yolanda Díaz Pérez, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, María Consuelo Martínez García, Juan Manuel Fajardo Recouso e Ramón Vázquez Díaz, integrantes do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urgente**, relativa á vaga de corrupción político-empresarial e as súas funestas consecuencias para o desenvolvemento dunha democracia social.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Poucas circunstancias firen de xeito máis grave o desenvolvemento e profundización dun réxime que se reclame democrático que a corrupción político-empresarial que ateiga as actuais estruturas institucionais e partidarias desta II restauración monárquica.

O afastamento da cidadanía e o descrédito das institucións semellan a parella necesaria que se deriva da vaga de corrupción político-empresarial que afecta aos partidos do réxime bipartidista e que se combina para explicar a situación de crise económica e social que devasta as condicións materiais de vida da maioría social traballadora deste país.

Ante isto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ate onde terá que chegar a vaga de corrupción político-empresarial para que o goberno galego remova aos responsables públicos involucrados neste andazo antidemocrático?

Compostela, 31 de marzo do 2014

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. María Consuelo Martínez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 31/03/2014 18:07:26

Yolanda Díaz Pérez na data 31/03/2014 18:07:38

José Javier Ron Fernández na data 31/03/2014 18:07:45

Antón Sánchez García na data 31/03/2014 18:07:53

Eva Solla Fernández na data 31/03/2014 18:07:59

María Consuelo Martínez García na data 31/03/2014 18:08:08

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 31/03/2014 18:08:12

Ramón Vázquez Díaz na data 31/03/2014 18:08:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 20352(09/POP-001799)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda e Ron Fernández, José Javier

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da modificación da
xustiza universal no ordenamento xurídico estatal

Publicación da iniciativa, 252, 12.03.2014

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Xabier Ron Fernández, membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á eliminación da xustiza universal no ordenamento xurídico estatal.

O goberno do Estado practica a obsequiosidade cos tiranos, criminais e grandes ladróns cando na súa executoria ordinaria actúa con prepotencia e mesmo violencia coa cidadanía. Tal vén de acontecer coa aprobación da in-xustiza universal, pola vía da guillotina parlamentar, impondo unha contrarreforma da lei orgánica do poder xudicial con efectos retroactivos que impedirá de facto a persecución dos delitos de lesa humanidade recoñecidos polo dereito internacional.

Casos como a morte do xornalista galego José Couso a mans do exército dos Estados Unidos, as torturas no burato negro de Guantánamo, a única fracción da illa onde impera esa ignominia, os xenocidios no Sáhara ou as prácticas da ablación restarán na máis absoluta impunidad. O goberno español perpetra unha acción lexislativa moralmente noxenta pero ademais de dubidosa legalidade.

A Xunta de Galicia, como expresión da vontade popular do noso pobo, pobo que coñeceu os horrores criminais do fascismo, debe velar polos dereitos e liberdades da nosa cidadanía e mesmo polo respecto a unha lei que tenta blindar coa fórmula da retroactividade feitos criminais que repugnan a toda conciencia ilustrada e democrata.

En atención ao sinalado, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Contempla a Xunta de Galicia recorrer esta norma diante do Tribunal Constitucional?

Compostela, 28 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 28/02/2014 10:32:38

Yolanda Díaz Pérez na data 28/02/2014 10:32:41

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 17330(09/POP-001512)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Abeijón, José Santiago e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para a
conservación ou recuperación das especies da fauna ou flora
en perigo de extinción en Galicia

Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014

A Mesa do Parlamento

Santiago Freire Abeijón, Jaime Castiñeira Broz, Alejandro Gómez Alonso, Antonio Mouriño Villar, Enrique Novoa López, Román Rodríguez González e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A variedade de especies que nos rodea é un seguro de vida para nós, proporcionándonos moitos dos elementos precisos para a vida sobre o planeta.

Convertindo a biodiversidade nun capital natural sobre o que se asenta unha parte importante da nosa economía e benestar.

Ofrecendo un valor incalculable tanto no eido medioambiental como no económico que raramente é recollido polos mercados.

Esta biodiversidade, está ameazada tanto na escala global como na de Galicia, incluíndo unha importante variedade de especies. Deducíndose esta apreciación do elevado ritmo de extinción que supera nalgúns casos, entre cen e mil veces o seu ritmo natural.

Debido a que esta riqueza escapa da asignación de prezos e non se reflicte nas contas públicas, con facilidade cae presa das demandas de explotación da natureza, acentuándose esta situación en momentos de crise como os que estamos a pasar.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Téñense adoptado medidas dirixidas á recuperación de especies da fauna ou flora, que na actualidade atópanse baixo ameaza de extinción en Galicia?



Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Santiago Freire Abeijón na data 15/01/2014 12:20:09

Jaime Castiñeira Broz na data 15/01/2014 12:20:23

Alejandro Gómez Alonso na data 15/01/2014 12:20:29

Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2014 12:20:35

Enrique Nóvoa López na data 15/01/2014 12:20:42

Román Rodríguez González na data 15/01/2014 12:20:52

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/01/2014 12:21:00

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 21030(09/POP-001847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis

Sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para
evitar a desaparición da empresa Pescanova

Publicación da iniciativa, 261, 26.03.2014



Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, Daniel Rodas Chapela e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Pescanova corre o risco de desaparecer. O Presidente Feijóo pediu que isto non ocorra diante dos medios de comunicación. Tendo presente que esta empresa foi receptora dunha grande cantidade de fondos públicos e ante a negativa do PP de aceptar a Comisión de Investigación sobre o estado financeiro de Pescanova e o uso realizado polas empresas das axudas públicas recibidas do Goberno Galego, formúlase as seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que accións desenvolveu o goberno para que non desapareza Pescanova?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Daniel Rodas Chapela

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 18/03/2014 11:36:36



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2014 11:41
Nº Rexistro: 21030
Data envío: 18/03/2014 11:41:47.397

Daniel Rodas Chapela na data 18/03/2014 11:36:43

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/03/2014 11:36:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 21595(09/PUP-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación do profesorado que impartía os cursos Celga de galego para adultos



Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa á situación do profesorado que impartía cursos de galego para adultos.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), considera moi urxente que o Conselleiro de Cultura, explique en sede parlamentar o cambio de criterio en relación coa contratación do profesorado que imparte cursos CELGA dada a preocupación social que se ten xerado en relación con este asunto.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística ven organizando cursos de galego para adultos (CELGA e Linguaxe administrativa e xurídica). Son máis de cincocentas as persoas que imparten estes cursos e levan anos reclamando cambios no procedemento que xestiona o sistema de formación en lingua galega para adultos. As súas reclamacións, non só abordan a necesidade de teren estabilidade laboral, senón tamén melloras na xestión desta formación.

Porén, a situación lonxe de mellorar ten empeorado e asistimos a unhas prácticas e modos da Xunta de Galiza, que non só vulnera dereitos laborais, senón que pon en risco o futuro da ensinanza de galego para adultos.



Até este ano, os cursos preparatorios das probas CELGA eran impartidos por profesorado “colaborador” procedente dunha listaxe, elaborada baixo uns criterios recollidos nun baremo establecido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e cuns requisitos entre os que figura o ser “demandante de emprego en situación laboral de desempregado”. É coñecido que este profesorado impartía estes cursos sen ningún contrato de traballo e sen ser dado de alta na seguridade social. Ante esta situación irregular, a CIG-Ensino interpuxo denuncia perante a inspección de traballo da Coruña que a resolveu, con data do 15 de novembro de 2013, recoñecendo a relación laboral entre a Consellaría de Educación e o profesorado “colaborador” dos cursos CELGA, e dando de alta de oficio con efectos retroactivos nos períodos en que impartiran clases nos últimos catro anos. A propia inspección impón unha multa de máis de 200.000 euros á Consellaría pola actuación fraudulenta. A Inspección de Ourense vén de resolver en termos semellantes á da Coruña. Fican por resolver a das inspeccións de Pontevedra e Lugo.

Parécenos gravísimo que após estas resolucións, a Xunta lonxe de acatalas e regular a situación, opta por que sexa o profesorado en activo de secundaria o que os imparta como horas extraordinarias, para así evitar a contratación do profesorado “colaborador” dos cursos preparatorios CELGA. Toda unha mostra da preocupación que ten este departamento e a Xunta por loitar contra o paro.

Polo dito formulamos as seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2014 17:20
Nº Rexistro: 21595
Data envío: 31/03/2014 17:20:08.302

Ten previsto a Xunta de Galiza rectificar a decisión de deixar de ofrecer os cursos preparatorios CELGA ao profesorado en paro?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada e viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 31/03/2014 17:19:30

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 21577(09/PUP-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o libramento das cantidades debidas na actualidade aos ex traballadores da empresa Sintel polas cotizacións á Seguridade Social

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Quintas Álvarez e José Luis Méndez Romeu, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada polos impagos dende o ano 2010 aos traballadores, das axudas negociadas e aceptadas pola Xunta de Galicia.

SINTEL era unha empresa española especializada na montaxe de sistemas de telefonía, fundada no ano 1975 como unha SA. Tiña un cadro de persoal de preto de 4.000 traballadores e filiais en América latina e África. Foi vendida en 1996 polo entón presidente do Goberno español, D. José María Aznar, á empresa privada MasTec, participada pola familia Mas Canosa. Finalmente, a entidade suspendeu a súa actividade na primavera de 2000, presentando un ERE.

En maio de 2001, un xulgado declarou a quebra de SINTEL, o que provocou o que se veu en chamar “El campamento de la esperanza” no madrileño Paseo de la Castellana.

A mediados de 2012, a Sección Segunda da Sala do Penal da Audiencia Nacional pechaba o asunto despois de que os ex - traballadores da empresa aceptasen unha indemnización de 35 millóns de euros en compensación polos danos que lles causara o peche da filial de TELEFÓNICA. A entidade entregaba así a cantidade acordada e suspendíase entón o xuízo que debía comezar uns días despois contra os 8 antigos directivos da empresa, acusados de varios delitos.

Chegados a este punto, o Real decreto 1783/2011, do 16 de decembro, do *Ministerio de Trabajo e Inmigración* (que modificou o RD 196/2010, do 26 de febreiro) establecera medidas para facilitar a reinserción laboral e o establecemento de axudas especiais aos traballadores afectados polos ERE

 Grupo Parlamentario

antes mencionados.

Como consecuencia desta regulación estatal, existiron convenios coas comunidades autónomas, coa fin de que fosen estas as que se encargasen da xestión e control das axudas antes ditas. Segundo informacións dos traballadores, xa teñen cobrado integramente estas axudas nas comunidades autónomas de Castela-León e Euskadi.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En Galicia, a Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 31 de outubro de 2013, estableceu unha axuda específica para os exclusivos efectos de financiar a subscrición dun convenio especial coa Seguridade Social pola perda do nivel de cotización que puidesen sufrir tales traballadores como consecuencia da perda de emprego.

Esa axuda especial ten unha contía máxima anual (segundo as circunstancias persoais de cada traballador), a aboar mensualmente pola Xunta de Galicia unha vez recoñecido o dereito á percepción da subvención. O financiamento, no exercicio 2013, ascendía a 199.878 euros (segundo a Orde da Consellería de Traballo e Benestar de 2013).

Non obstante, en Galicia non cobraron nada os traballadores en 2010, nin en 2011, nin en 2012 nin en 2013. So reciben promesas e “largas” por parte do goberno do PP. Pese a que todos teñen feitas as súas reclamacións con arranxo á citada orde.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando se vai facer efectivo as cantidades adebedas hoxe pola Xunta de Galicia aos ex - traballadores da entidade SINTEL polas cotizacións á Seguridade Social?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Quintas Alvarez
José Luis Méndez Romeu
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2014 13:30
Nº Rexistro: 21577
Data envío: 31/03/2014 13:30:55.744



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/03/2014 13:29:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Remedios Quintas Álvarez na data 31/03/2014 13:29:48

José Luís Méndez Romeu na data 31/03/2014 13:29:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 20672(09/POP-001816)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 3 máis

Sobre as razóns do traslado a outro lugar do helicóptero de salvamento marítimo que prestaba servizo desde o heliporto de Ruibo, en Cee

Publicación da iniciativa, 257, 20.03.2014

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

M^a Soledad Soneira Tajés, José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e Manuel Gallego Lomba, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A base de salvamento marítimo que o Ministerio de Fomento puxo en funcionamento no outono de 2012 na Costa da Morte é unha vella demanda dos traballadores do mar e da comarca en xeral.

Hoxe existe unha grande preocupación porque o helicóptero que ten alí a súa base leva un longo período de tempo desprazado da mesma.

A deputada e os deputados asinantes, diante desta situación, preguntan a Sra. Conselleira do Medio Rural e do Mar:

Cal é a razón técnica, ou de calquera outra índole, de que o helicóptero con base en Ruíbo, Cee, fose desprazado da súa base de operacións?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 07/03/2014 11:22:50

José Ramón Val Alonso na data 07/03/2014 11:23:00

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 07/03/2014 11:23:53

José Manuel Gallego Lomba na data 07/03/2014 11:24:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.04.2014 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 20859(09/POP-001825)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 8 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa
incorporación de persoas mozas á actividade agraria

Publicación da iniciativa, 257, 20.03.2014

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Javier Dorado Soto, José Manuel Balseiro Orol, Angel Camino Copa, Santiago Freire Abeijón, Isabel García Pacín, Vidal Martínez-Sierra López, Rosa Oubiña Solla e Miguel Prado Patiño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde fai varios anos a Consellería do Medio Rural e do Mar está a traballar para favorecer a incorporación das mozas e mozos galegos á actividade agraria como fonte xeradora de emprego.

E para elo mobilizou unha importante cantidade de recursos económicos, poñendo en marcha diferentes liñas de axuda encamiñadas a primeiras instalacións agrarias, a modernización das explotacións e para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común, coa finalidade de mellorar os procesos produtivos en réxime asociativo.

Por iso os deputados asinantes presentamos a seguinte pregunta en Pleno:

Qué valoración fai o goberno da Xunta de Galicia sobre a incorporación das mozas e mozos galegos á actividade agraria?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdgalicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2014 09:30
Nº Rexistro: 20859
Data envío: 12/03/2014 19:00:37.938

Moisés Blanco Paradelo na data 12/03/2014 18:58:13

Javier Dorado Soto na data 12/03/2014 18:58:23

José Manuel Balseiro Orol na data 12/03/2014 18:58:31

Angel Camino Copa na data 12/03/2014 18:58:40

José Santiago Freire Abeijón na data 12/03/2014 18:58:47

María Isabel García Pacín na data 12/03/2014 18:58:55

Vidal Martínez-Sierra López na data 12/03/2014 18:59:04

Rosa Oubiña Solla na data 12/03/2014 18:59:11

Jesús Miguel Prado Patiño na data 12/03/2014 18:59:19

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PLENO DO PARLAMENTO

8 de abril de 2014

10.00 horas

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais en Galicia (doc. núm. 9416, 09/PPL-000010)

Publicación do acordo, BOPG n.º 136, do 09.07.2013

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162, do 18.09.2013

Publicación da asignación a Comisión e apertura de emendas, BOPG n.º 162, do 18.09.2013

Publicación de emendas ao articulado, BOPG n.º 188, do 31.10.2013

Publicación da toma en consideración, BOPG n.º 190, do 06.11.2013

Publicación da designación da Ponencia, BOPG n.º 191, do 07.11.2013

Publicación do informe da Ponencia, BOPG n.º 254, do 14.03.2014

Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 258, do 21.03.2014

Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG n.º 258, do 21.03.2014

Separata núm. 1

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

D I T A M E

Texto articulado

Exposición de motivos

1

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 18 de marzo de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión.

- 9416 (09/PPL-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia

BOPG nº 136, do 09.07.2013

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia, o 18 de marzo de 2014

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 18 de marzo de 2014, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

A Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional estableceu que, aínda que o artigo 14 non contén unha referencia explícita á discriminación derivada da orientación sexual do individuo, esta é, indubidablemente, unha circunstancia incluída na cláusula «calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social», á que debe ser referida a interdicción da discriminación.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, ao recoller a obriga que corresponde aos poderes públicos de “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Desde a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

Este recoñecemento implícito da Declaración universal faise explícito respecto das persoas homosexuais, bisexuais, tran-

sexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta. A ONU e a UE estableceron principios internacionais respecto da homosexualidade, vinculantes para os seus Estados Membros. No ano 1994, o Comité de Dereitos Humanos de Nacións Unidas ditaminou que a prohibición e consecuente penalización dos comportamentos homosexuais vulneraban os dereitos á privacidade e á non discriminación.

No ano 2000, a UE, no artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, censura legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual: «Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual».

A Reolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gays, insta a todos os estados membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas, en todas as disposicións xurídicas e administrativas. Neste sentido, tamén se ten pronunciado a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006, que pide aos estados membros que tomen calquera medida que consideren adecuada para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual. Existe, como se acaba de sinalar, abundante lexislación internacional que consagra a igualdade como principio fundamental, e particularmente a igualdade independentemente da orientación sexual dos individuos.

No ano 2011, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou a 1ª resolución, na que se recoñecen os dereitos do colectivo LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero. Nesa resolución, o Consello facíalle ademais unha petición expresa á Oficina do Alto Comisionado da ONU para os Dereitos Humanos, co fin de documentar as leis discriminatorias e os actos de violencia por razón de orienta-

ción sexual e identidade de xénero en todo o mundo e de propoñer as medidas que se deben adoptar.

Dese informe resultou que os gobernos e os órganos intergubernamentais descoidaran a miúdo a violencia e a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero, e concluíron que o Consello debía promover «o respecto universal pola protección de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas, sen distinción de ningún tipo, e dunha maneira xusta e equitativa» e establecer unha serie de recomendacións aos Estados Membros, entre outras, que «promulguen lexislación ampla de loita contra a discriminación que inclúa a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero entre os motivos prohibidos e recoñeza as formas de discriminación concomitantes e que velen por que a loita contra a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero se inclúa nos mandatos das institucións nacionais de dereitos humanos».

Nos últimos anos téñense producido avances importantes no que atinxe á protección e ao recoñecemento dos dereitos das persoas LGTB, de maneira que son moitos os países que recoñecen o dereito a contraer matrimonio entre persoas do mesmo sexo ou que están considerando medidas semellantes nas súas cámaras lexislativas.

España incorporou á súa normativa directivas europeas e ratificou tratados e protocolos internacionais que prohiben toda discriminación por causa da orientación sexual. Na lexislación nacional cabe destacar a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que adecua a lexislación nacional á Directiva 2000/43/CE e á Directiva 2000/78/CE, e procede a súa transposición ao noso dereito. Esta lei busca a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación e fai mención expresa á realizada por razón de orientación sexual. Mediante as medidas incluídas nesa lei estableceuse un marco legal xeral para combater a discriminación en todos os ámbitos, abordouse a definición legal da discriminación, directa e indirecta, e modernizouse a regulación da igualdade de trato e da non discriminación no traballo; así a Lei 13/2005, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, ou a Lei 3/2007, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

En Galicia, os principios de liberdade e igualdade do individuo aparecen recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia, e son moitas as normas que consagran a igualdade, independentemente do estado civil ou da orientación sexual; por citar algunha, a Lei de dereito civil de Galicia (2/06).

Nos informes da Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea elaborados nos anos 2008 e 2009 destácanse os importantes avances dos últimos anos, e outro informe máis recente revela que o 88 % dos españois considera que a homosexualidade debe ser aceptada pola sociedade, de maneira que as distintas formas de orientación sexual contan cun alto grao de aceptación, por encima incluso de moitos países do noso contorno. Con todo, e aínda que este nivel de aceptación se incrementou de forma apreciable nos últimos anos, aínda atopamos actitudes discriminatorias que nos obrigan a seguir traballando na procura dunha sociedade cada vez máis igualitaria.

A sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Esta lei persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual; trátase de eliminar calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no eido do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo.

2

Esta lei estrutúrase en dous títulos, nove capítulos e tres disposicións derradeiras.

O título I establece as disposicións xerais para a actuación dos poderes públicos na defensa dos dereitos do colectivo LGTB e na promoción da súa visibilidade.

O título II recolle as medidas que se deben adoptar nos ámbitos policial e da xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e do ocio e da comunicación para a promoción da igualdade, visibilidade e non discriminación do colectivo LGTB.

Finalmente, a disposición derradeira primeira faculta a Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario

desta lei. A disposición derradeira segunda faculta o Valedor do Pobo para se constituír na autoridade independente que vele pola defensa dos dereitos establecidos nesta lei. E a disposición derradeira terceira establece o prazo para a súa entrada en vigor.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei*

1. O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero.

2. Esta lei establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado, e dentro do ámbito de aplicación contido no artigo 2.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. O ámbito subxectivo de aplicación desta lei engloba todas as persoas físicas ou xurídicas, tanto no sector público coma no privado, e inclúe entidades e organismos públicos autonómicos e locais que se encontren, actúen ou residan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa nacionalidade, residencia, domicilio ou veciñanza civil, e en consonancia co conxunto do ordenamento xurídico.

2. O ámbito obxectivo, dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, comprenderá todos os ámbitos da vida política, social, económica, cultural e familiar, particularmente nas seguintes áreas:

- a) Policial e da xustiza
- b) Laboral
- c) Familiar
- d) Da saúde
- e) Da educación
- f) Da cultura e do ocio
- g) Do deporte
- g bis) Da xuventude
- g ter) Da comunicación

Artigo 3. *Definicións*

(sen contido)

Artigo 4. *Concepto de discriminación*

1. Para os efectos desta lei, entenderase por principio de igualdade de trato a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

2. Existirá discriminación directa cando unha persoa sexa, fose tratada ou se puidese tratar de xeito menos favorable que outra en situación análoga ou comparable por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

3. Existirá discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

4. Existirá discriminación múltiple cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación, como idade, relixión ou crenzas, convicción ou opinión, sexo, orixe racial ou étnica, incapacidade, enfermidade, lingua, situación económica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, creando unha forma específica de discriminación. A discriminación múltiple, pola súa propia natureza, será obxecto de especial atención, e, en particular, aquela na que concorre a causa de sexo conxuntamente coa orientación sexual e/ou identidade de xénero, conforme a lexislación internacional, europea, estatal e autonómica para o efecto.

5. (sen contido).

6. (sen contido).

7. Existirá acoso discriminatorio cando se produza unha conduta que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persiga atentar contra a súa dignidade e/ou crear un espazo intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou segregador.

Artigo 5. *Protección contra represalias*

1. Entenderase por represalia o trato adverso ou a consecuencia negativa que poida sufrir unha persoa por intervir, participar ou colaborar nun procedemento administrativo ou proceso xudicial destinado a impedir, corrixir ou facer cesar unha situación discriminatoria, ou por presentar unha queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso de calquera tipo co mesmo obxecto.

2. Para tal efecto, corresponde aos poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia adoptar as medidas necesarias para a protección das persoas que se encontren na situación descrita no punto 1.

Artigo 6. *Carga da proba*

(sen contido)

Artigo 7. *Medidas de acción positiva*

Para garantir na práctica a plena igualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, o principio de igualdade de trato non impedirá que se manteñan ou que se adopten medidas específicas a favor de lesbianas, gays, transsexuais e bisexuais destinadas a previr ou a compensar as desvantaxes que lles afecten relativas ás materias incluídas no ámbito de aplicación deste título.

Artigo 8. *Divulgación da información*

Corresponde á Xunta de Galicia velar por que as disposicións adoptadas en virtude desta lei sexan postas en coñecemento das persoas ás que sexa aplicable, así como de asociacións, organizacións e colectivos LGBT (...), por todos os medios adecuados, e en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto con outras disposicións vixentes na materia.

Artigo 9. *Asociacións, organizacións e colectivos LGTB*

1. Entenderanse por asociacións, organizacións e colectivos LGTB aqueles legalmente constituídos que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa e promoción da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero e que desenvolvan a súa activi-

dade en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTB que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

3. As institucións galegas garantirán o acceso das asociacións, organizacións e colectivos LGTB ás convocatorias de subvencións e axudas coincidentes cos seus fins.

4. (sen contido)

5. Fomento da participación e do asociacionismo. As administracións públicas galegas desenvolverán campañas de divulgación das accións e de impulso do asociacionismo LGTB co obxecto de fomentar a participación directa e indirecta por parte de toda a sociedade nos programas de actuación que desenvolvan aquelas, para o que se establecerán medidas específicas co fin de favorecer a participación, concienciación e sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTB.

Artigo 10. *Servizo de apoio e mediación LGTB*

Apoiarase un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais e bisexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais.

TÍTULO II

Políticas públicas para o fomento e a promoción da igualdade, da visibilidade e da non discriminación do colectivo LGTB

CAPÍTULO I

Medidas no ámbito policial e da xustiza

Artigo 11. *Medidas relativas aos centros penitenciarios*

(sen contido)

Artigo 12. *Acceso e promoción nos corpos e forzas de seguridade*

No acceso e promoción aos corpos e forzas de seguridade teranse en conta as previsións contidas tanto no artigo 32 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, coma no artigo 27 da Lei 8/2007, da Policía de Galicia, ou naquela outra normativa de referencia en que se inclúa o respecto ao dereito constitucional á igualdade.

Artigo 13. *Formación dos corpos e forzas de seguridade*

1. Os plans de formación da Academia Galega de Seguridade Pública incluírán accións formativas nas que especificamente se recolla o tratamento do dereito á igualdade e á non discriminación das persoas LGTB.

2. Nestas actividades poderán participar todos os colectivos relacionados coa seguridade pública ou coas emerxencias aos que se dirixa a acción da Agasp.

Artigo 14. *Protocolos e estudos*

(sen contido).

Artigo 15. *Medidas de asistencia*

A Xunta de Galicia establecerá medidas de apoio, conforme a lexislación vixente, ás vítimas de violencia homofóbica, bifóbica ou transfóbica, para os efectos de corrixir a situación de discriminación e de minimizar ou eliminar as consecuencias na persoa discriminada, a través de asistencia social, psicolóxica e/ou médica e xurídica.

CAPÍTULO II

Medidas no ámbito laboral

Artigo 16. *Medidas de promoción de igualdade de trato e non discriminación por parte da Administración autonómica galega*

1. O órgano competente da Comunidade Autónoma en materia de traballo establecerá un programa de información e divulgación da normativa aplicable relativa á non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, así como programas de loita contra a discriminación,

particularmente no ámbito laboral, dirixidos a empresarios e empresarias, sindicatos, autónomos, responsables da inspección laboral, do Servizo Público de Emprego e de calquera centro de traballo.

2. A consellaría competente en materia de traballo promoverá a incorporación, nos seus plans de formación en materia de igualdade, de oportunidades, independentemente da orientación sexual ou da identidade de xénero das persoas.

3. A Administración autonómica promoverá a elaboración dun estudo no que se visibilice a situación das persoas LGTB e no que se garantan a confidencialidade e a privacidade dos datos das persoas, para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas que se deben adoptar para loitar contra a súa posible discriminación no ámbito das empresas públicas e privadas.

4. A Xunta de Galicia poderá establecer mecanismos de información e avaliación periódicos para previr, eliminar e corrixir toda forma de discriminación no ámbito do emprego.

5. Os servizos públicos de emprego, as súas entidades colaboradoras e as axencias de colocación autorizadas no ámbito da Comunidade Autónoma deberán velar especificamente polo respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego, conforme a lexislación estatal competente nesta materia.

6. A inspección de traballo, nos termos previstos na normativa aplicable, deberá garantir o respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.

7. No marco do diálogo social, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, a consellaría competente en materia laboral promoverá a elaboración dun protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

8. Nas bases reguladoras das subvencións públicas e nos pregos das contratacións poderase impoñer como condición especial de execución o respecto do protocolo establecido no punto anterior, de tal modo que o seu incumprimento poderá

levar consigo o reintegro da subvención ou a resolución do contrato, de acordo co establecido nas citadas bases reguladoras e mais nos pregos.

Artigo 17. Organizacións sindicais e empresariais. Negociación colectiva

A Xunta de Galicia, (...) instará as organizacións sindicais e empresariais presentes no diálogo social a que actúen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, se é o caso, en colaboración coas asociacións, organizacións e colectivos LGTB, a:

1. Impulsar medidas inclusivas para persoas LGTB nos convenios colectivos de todos os sectores laborais.

2. Informar sobre a normativa en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

3. Promover os dereitos e a visibilidade das persoas LGTB nos lugares de traballo.

4. Tratar de xeito específico a discriminación múltiple, na que a causa de orientación sexual e identidade de xénero se combine coa de sexo ou enfermidade, discapacidade física ou intelectual ou pertenza a calquera etnia ou relixión, así como a discriminación de persoas transexuais e transxénero, e incentivar a súa contratación.

5. A representación legal das persoas traballadoras velará pola promoción do dereito á igualdade de trato e non discriminación na empresa por razón das causas previstas nesta lei e, en particular, en materia de medidas de acción positiva, e pola consecución dos seus obxectivos.

Artigo 18. Dereito á igualdade de trato e non discriminación no traballo por conta propia

1. Non poderán establecerse limitacións, segregacións ou exclusións polas causas previstas nesta lei no acceso ao exercicio e ao desenvolvemento dunha actividade por conta propia.

2. O disposto no punto anterior será igualmente de aplicación, conforme se recolle na normativa estatal competente, aos pactos establecidos individualmente entre o traballador

autónomo e o cliente para o que desenvolve a súa actividade profesional, así como aos acordos de interese profesional concertados entre as asociacións ou sindicatos que representan os traballadores autónomos e as empresas para as que desenvolven a súa actividade.

3. Os acordos de interese profesional regulados pola lexislación estatal aos que se refire o punto anterior poderán establecer, na forma que nela se determine, medidas de acción positiva para previr, eliminar ou corrixir toda forma de discriminación por razón das causas previstas nesta lei no ámbito do traballo por conta propia.

CAPÍTULO III

Medidas no ámbito familiar

Artigo 19. *Concepto de familia*

Enténdese por familia a derivada do matrimonio, da unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación de afectividade análoga á conxugal, rexistrada ou non, do parentesco, da filiación ou da afinidade, e tamén as unidades monoparentais, formadas por mulleres ou homes, con fillos e fillas ao seu cargo, de conformidade co disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Artigo 20. *Adopción*

En aplicación da normativa estatal e autonómica vixente, garantirase que na valoración da idoneidade nos procesos de adopción non exista ningunha discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

Artigo 21. *Medidas de prevención e a favor da visibilidade*

1. Os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar.

2. En particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGTB máis vulnerables por razón de idade (adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar.

Artigo 22. *Apoio a vítimas de discriminación*

Os servizos de apoio, asesoramento e mediación familiar dependentes da Xunta de Galicia, en coordinación cos servizos de LGTB municipais, alí onde existan, atenderán e darán apoio ás vítimas de discriminación no ámbito familiar, e terán especial consideración cos casos de violencia doméstica ou con aqueles en que se encontren implicados os grupos de persoas LGTB máis vulnerables referidos no punto 2 do artigo 21.

CAPÍTULO IV

Medidas no ámbito da saúde

Artigo 23. *Medidas de información e formación do persoal sanitario*

1. A consellaría competente en materia de sanidade garantirá a información sobre homosexualidade, bisexualidade e transexualidade que recolle a OMS a todas as persoas que traballan no ámbito da saúde, tanto no ámbito público coma no privado ou concertado, de modo que se garanta que os profesionais do ámbito sanitario coñezan a devandita información.

2. Para os efectos do punto anterior, a consellaría promoverá campañas e cursos de formación sobre os aspectos, problemas e necesidades específicas das persoas LGTB no ámbito sanitario.

3. Así mesmo, garantirá a inclusión na formación continua (...) de todo o persoal sanitario e, de forma transversal, na materia de diversidade afectivo-sexual, tanto no ámbito público coma no privado ou concertado, normalizando o libre desenvolvemento da sexualidade e das relacións sexuais.

4. (sen contido).

Artigo 24. *Transexualidade*

Garantirase a atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade.

Artigo 25. *Campañas de educación sexual*

A consellaría competente en materia de saúde tratará de xeito específico a realidade LGTB nas campañas de educación sexual e de prevención de enfermidades de transmisión sexual, en concreto:

1. Garantirá a realización de campañas efectivas de concienciación respectuosas e inclusivas que abran todo o abano de infeccións de transmisión sexual e que terán como destinatarios específicos as e os adolescentes e as e os mozos LGTB, con especial consideración ao aumento das infeccións de VIH en relacións sexuais HSH.

2. Será a responsable da realización de campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxes postexposición, como segunda e última oportunidade para evitar a aparición do VIH, garantindo o seu acceso na sanidade pública e formando o persoal sanitario no dito tratamento.

3. Igualmente, elaboraranse campañas destinadas ás mulleres que teñen relacións sexuais con outras mulleres, nas que se lles recomendará que acudan ao persoal de medicina de familia, ou aos especialistas que se lles indiquen, con regularidade.

CAPÍTULO V

Medidas no ámbito da educación

Artigo 26. *Inclusión da realidade LGTB nos plans de estudos*

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual e transxénero nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTB. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei.

Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Artigo 26 bis). *Actitudes*

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Artigo 27. *Formación do persoal docente*

Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTB e os diferentes modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.

Artigo 28. *Divulgación da realidade LGTB entre as ANPA*

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTB e aos diferentes modelos de familia.

Artigo 29. *Combater o acoso e favorecer a visibilidade*

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTB e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais e bisexuais.

3. (sen contido).

CAPÍTULO VI

Medidas no ámbito da cultura e do ocio

Artigo 30. *Centro de documentación*

O órgano competente da Comunidade Autónoma neste ámbito favorecerá a creación dunha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre o feito LGTB e en materia de orientación sexual e identidade de xénero.

Artigo 31. *Impulso a producións culturais*

1. A consellaría competente en materia de cultura impulsará e apoiará as producións culturais que inclúan a realidade LGTB e potenciará referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade e transexualidade. (...)

2. A Xunta de Galicia promoverá e apoiará a realización, por parte dos gobernos locais, de actividades culturais para a concienciación e a normalización do feito LGTB, nomeadamente nos municipios rurais.

3. (sen contido).

CAPÍTULO VI bis)

Medidas en materia de deporte

Artigo 32. *Deporte*

A práctica deportiva e de actividade física en Galicia desenvolverase en termos de igualdade e sen discriminación ningunha por razón de orientación sexual e identidade de xénero. Para tal efecto, os poderes públicos colaborarán entre si e coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, públicas e privadas.

CAPÍTULO VI ter)

Medidas en materia de xuventude

Artigo 32 bis. *Xuventude*

1. A consellaría competente en materia de xuventude continuará desenvolvendo programas destinados á información e

ao asesoramento da mocidade en materia de orientación sexual e identidade de xénero.

2. Garantirase, desde unha óptica transversal, a continuación do labor formativo en contextos formais e non formais, nos que se traballe o valor da diversidade e o respecto cara a ela.

3. Nestas accións visibilizarase a realidade LGTB na mocidade e traballaranse aspectos relacionados coa convivencia e a non discriminación, en función de aspectos relacionados coa identidade ou coa orientación sexual.

CAPÍTULO VII

Medidas no ámbito da comunicación

Artigo 33. *Fomento da igualdade nos medios de comunicación*

A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a través daqueles nos que participe ou aos que subvencione, garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de todas as persoas na sociedade. Para estes efectos, promoverase:

A programación de campañas nos medios de comunicación destinadas a toda a sociedade sobre a importancia e a necesidade da participación social e política de todas as persoas.

A adopción, mediante a autorregulación, de códigos de boas prácticas tendentes a transmitir o contido dos valores constitucionais sobre a igualdade de todos, sen discriminación.

A utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes non discriminatorias, especialmente no ámbito da publicidade.

Artigo 33 bis). *Programas e campañas de apoio á igualdade de todas as persoas*

A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, garantirá e promoverá, por medio daqueles nos que participe ou aos que subvencione, condicionando a efectividade da subvención, a emisión de programas tendentes a erradicar todas as formas de discriminación e, en concreto, por razóns de orientación sexual e identidade de xénero.

A Xunta de Galicia velará por garantir, en todas as campañas institucionais de publicidade, o respecto pola orientación sexual e pola identidade de xénero de todas as persoas.

Artigo 33 ter). *Fomento da igualdade nas novas tecnoloxías*

A Xunta de Galicia promoverá o acceso de todas as persoas ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade de oportunidades. Igualmente, garantirá a transmisión, a través dos contidos desas novas tecnoloxías, dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada da sociedade.

TÍTULO III Réxime sancionador

CAPÍTULO I (sen contido)

Artigo 34.

(sen contido)

Artigo 35.

(sen contido)

CAPÍTULO II

(sen contido)

Artigo 36.

(sen contido)

Artigo 37. *Criterios de gradación das sancións*

(sen contido)

Artigo 38. *Competencia sancionadora*

(sen contido)

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Facultades do Valedor do Pobo*

Facúltase a institución do Valedor do Pobo como autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas nesta lei, tanto no sector público coma no privado, mediante o exercicio das seguintes funcións:

1. Prestar apoio ás persoas que puidesen ter sufrido discriminación para a tramitación das súas queixas ou reclamacións.

2. Constituírse, co consentimento expreso das partes, en órgano de mediación ou conciliación entre elas, en relación con violacións do dereito de igualdade de trato e non discriminación, agás as que teñan contido penal ou laboral.

3. Iniciar de oficio ou a instancia de terceiros, investigacións sobre a existencia de posibles situacións de discriminación que revistan unha especial gravidade ou relevancia, agás as que revistan carácter de infracción penal, en cuxo caso deberá remitir o investigado á Fiscalía ou á autoridade xudicial.

4. Instar a actuación das administracións públicas que correspondan para sancionar as accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción administrativa en materia de igualdade de trato e non discriminación.

5. Colaborar co Defensor del Pueblo e coas institucións e organismos públicos equivalentes doutras comunidades autónomas e internacionais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

Agustín Baamonde Díaz Ricardo Vicente Docasar Docasar
Presidente da Comisión Secretario da Comisión

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas á **Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais en Galicia, que non foron incorporadas ao Dictame da Comisión.**

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014.

Asdo.: Yolanda Díaz Pérez

Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/03/2014 18:22:34



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas á Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais en Galiza (09/PPL-000010, doc. núm. **9416**), que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/03/2014 18:30:33

Texto para Pleno

**PROPOSICIÓN DE LEI POLA IGUALDADE POLA VISIBILIDADE E NON
DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS E BISEXUAIS EN
GALICIA**

Proposición de lei: BOPG núm. 162, do 18.09.2013

Emendas: BOPG núm. 188, do 31.10.2013

Informe da Ponencia: BOPG núm. 254, fascículo 1, do 14.03.2014

Ditame da Comisión: BOPG núm. 258, do 21.03.2014

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei*

1. O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non dicriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero.

2. Esta lei establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado, e dentro do ámbito de aplicación contido no artigo 2.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº1, de Substitución.

Débase substituír en todo o texto a expresión: "lesbianas, gais, transexuais e bisexuais" por:

"lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais"

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº2, de Substitución.

Débase substituir en TODO O TEXTO a expresión: "LGTB" por:

"LBTBI"

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº3, de Adición.

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 1 bis. Protección do/da menor

1. Dentro das políticas de protección do/da menor, estableceranse medidas que garantan a liberdade de expresión da sexualidade e identidade de xénero do/da menor para evitar a discriminación e a inseguridade persoal e problemas psicolóxicos derivados.

2. En casos de expulsión do fogar familiar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, a Administración pública garantirá á/ao menor axuda psicolóxica adecuada á situación, protección e as axudas materiais, xurídicas e administrativas das que dispoña a lexislación para os casos de abandono de menores."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. O ámbito subxectivo de aplicación desta lei engloba todas as persoas físicas ou xurídicas, tanto no sector público coma no privado, e inclúe entidades e organismos públicos autonómicos e locais que se encontren, actúen ou residan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa nacionalidade, residencia, domicilio ou veciñanza civil, e en consonancia co conxunto do ordenamento xurídico.

2. O ámbito obxectivo, dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, comprenderá todos os ámbitos da vida política, social, económica, cultural e familiar, particularmente nas seguintes áreas:

a) Policial e da xustiza.

b) Laboral.

c) Familiar.

d) Da saúde.

e) Da educación.

f) Da cultura e do ocio.

g) Do deporte.

g bis) Da xuventude.

g ter) Da comunicación.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. *Definicións*

(sen contido)

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, de Supresión.

Débese eliminar o seguinte texto:

“Expresión de xénero: termo que fai referencia a todas as características e comportamentos externos que son socialmente definidos como masculinos ou femininos.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, de Substitución.

Débese substituír:

“Xénero: termo que complementa ao “sexo” mediante a inclusion do aspecto social, sen limitarse á diferenza biolóxica entre sexos.”

Polo seguinte:

“Xénero: conxunto de disposicións sociais polas que unha sociedade transforma a sexualidade biolóxica en produtos culturais da actividade humana.”

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº4, de Adición.

Débese engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

“- Intersexualidade: Condición pola que unha persoa presenta discrepancia entre sexo cromosómico, gónadas e xenitais e ten características xenotípicas e fenotípicas propias de varón ou femia en graos variables.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 4. *Concepto de discriminación*

1. Para os efectos desta lei, entenderase por principio de igualdade de trato a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

2. Existirá discriminación directa cando unha persoa sexa, fose tratada ou se puidese tratar de xeito menos favorable que outra en situación análoga ou comparable por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

3. Existirá discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

4. Existirá discriminación múltiple cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación, como idade, relixión ou crenzas, convicción ou opinión, sexo, orixe racial ou étnica, incapacidade, enfermidade, lingua, situación económica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, creando unha forma específica de discriminación. A discriminación múltiple, pola súa propia natureza, será obxecto de especial atención, e, en particular, aquela na que concorre a causa de sexo conxuntamente coa orientación sexual e/ou identidade de xénero, conforme a lexislación internacional, europea, estatal e autonómica para o efecto.

5. **(sen contido).**

6. **(sen contido).**

7. Existirá acoso discriminatorio cando se produza unha conduta que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persiga atentar contra a súa dignidade e/ou crear un espazo intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou segregador.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº5, ao apartado 7, de Supresión.

Débese suprimir no punto 7 a seguinte verba:

"discriminatorio"

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 5. Protección contra represalias

1. Entenderase por represalia o trato adverso ou a consecuencia negativa que poida sufrir unha persoa por intervir, participar ou colaborar nun procedemento administrativo ou proceso xudicial destinado a impedir, corrixir ou facer cesar unha situación discriminatoria, ou por presentar unha queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso de calquera tipo co mesmo obxecto.

2. Para tal efecto, corresponde aos poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia adoptar as medidas necesarias para a protección das persoas que se encontren na situación descrita no punto 1.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 6. Carga da proba

(sen contido)

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 7. Medidas de acción positiva

Para garantir na práctica a plena igualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, o principio de igualdade de trato non impedirá que se manteñan ou que se adopten medidas específicas a favor de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais destinadas a previr ou a compensar as desvantaxes que lles afecten relativas ás materias incluídas no ámbito de aplicación deste título.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, de Adición.

Débese engadir o seguinte:

“As medidas de acción positiva entendidas como estratexias destinadas a establecer a igualdade de oportunidades serán prioritarias nos seguintes ámbitos:

- a) Ámbito asociativo: apoio e promoción na conformación de asociacións de persoas LGTB, a través de incentivos e acompañamento na capacitación e dotación de medios por parte do órgano competente da Xunta de Galicia.
- b) Ámbito laboral: implementación de programas de incentivos fiscais á contratación de persoas LGTB.
- c) Ámbito do voluntariado: desenvolveranse programas orientados á capacitación de informadoras/es LGTB que colaboren voluntariamente co servizo creado na Xunta de Galicia.
- d) Ámbito de educación: implementación de talleres de diversidade sexual nas escolas nos que participen activamente alumnas/os LGTB co obxectivo de promover a vinculación das e dos estudantes con persoas LGTB visibles.
- e) Ámbito da educación universitaria: conformación de másters ou programas de doutoramento universitario en diversidade sexual que teñan o obxectivo de producir coñecemento e investigación respecto da temática LGTB.

f) Ámbito da visibilización nos medios de comunicación: tratamento informativo axeitado e apoio institucional e loxístico ás marchas “do orgullo” e a eventos alusivos a dereitos LGTB.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 8. Divulgación da información

Corresponde á Xunta de Galicia velar por que as disposicións adoptadas en virtude desta lei sexan postas en coñecemento das persoas ás que sexa aplicable, así como de asociacións, organizacións e colectivos LGBT (...), por todos os medios adecuados, e en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto con outras disposicións vixentes na materia.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 9. *Asociacións, organizacións e colectivos LGTB*

1. Entenderanse por asociacións, organizacións e colectivos LGTB aqueles legalmente constituídos que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa e promoción da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero e que desenvolvan a súa actividade en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTB que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

3. As institucións galegas garantirán o acceso das asociacións, organizacións e colectivos LGTB ás convocatorias de subvencións e axudas coincidentes cos seus fins.

4. (sen contido)

5. Fomento da participación e do asociacionismo. As administracións públicas galegas desenvolverán campañas de divulgación das accións e de impulso do asociacionismo LGTB co obxecto de fomentar a participación directa e indirecta por parte de toda a sociedade nos programas de actuación que desenvolvan aquelas, para o que se establecerán medidas específicas co fin de favorecer a participación, concienciación e sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTB.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº6, ao apartado 4, de Adición.

Débase engadir *in fine* o seguinte texto:

"sen outro control que o do correcto emprego das subvencións concedidas nos obxetivos e actividades propias de cada asociación."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº7, ao apartado 5 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"5 bis). A Xunta velará pola independencia das asociacións, organizacións e colectivos LGTBI galegos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 10. *Servizo de apoio e mediación LGTB*

Apoiarase un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais e bisexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir o seguinte texto ao final do parágrafo:

“O dito servizo dependerá do departamento competente en materia de igualdade, que proporcionará apoio económico e técnico aos concellos que colaboren co servizo de información, atención e asesoramento. Aqueles gobernos locais que no prazo dun ano colaboren co servizo gozarán de incentivos económicos que permitan a súa viabilidade.”

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO II

Políticas públicas para o fomento e a promoción da igualdade, da visibilidade e da non discriminación do colectivo LGTB

CAPÍTULO I

Medidas no ámbito policial e de xustiza

Artigo 11. *Medidas relativas aos centros penitenciarios*

(sen contido)

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº8, de Adición.

Débese engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

"Garantiráselles ás persoas transexuais ás que non se lles recoñeza cambio de nome e sexo no documento de identidade, no seu paso ou estanza en comisaría ou centros penitenciarios da Comunidade Autónoma da Galicia, o dereito a seren ingresadas nos módulos acordes coa súa identidade de xénero. Este mesmo dereito garantiráselles ás persoas intersexuais."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Adición.

Débese engadir o seguinte texto:

"A autoridade penitenciaria deberá permitir e facilitar á persoa interna transexual a continuidade do tratamento hormonal ou calquera outro que estea seguindo. O trato, así como as condicións penitenciarias de vida no centro penitenciario, deberán ser as que correspondan co xénero co que a persoa se identifique."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 12. Acceso e promoción nos corpos e forzas de seguridade

No acceso e promoción aos corpos e forzas de seguridade teranse en conta as previsións contidas tanto no artigo 32 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, coma no artigo 27 da Lei 8/2007, da Policía de Galicia, ou naqueloutra normativa de referencia en que se inclúa o respecto ao dereito constitucional á igualdade.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 13. *Formación dos corpos e forzas de seguridade*

1. Os plans de formación da Academia Galega de Seguridade Pública incluírán accións formativas nas que especificamente se recolla o tratamento do dereito á igualdade e á non discriminación das persoas LGTB.

2. Nestas actividades poderán participar todos os colectivos relacionados coa seguridade pública ou coas emerxencias aos que se dirixa a acción da Agasp.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición.

Débesse engadir no punto 1 *in fine* o seguinte texto:

" que sirva para garantir a capacitación das e dos traballadores para desenvolver o seu traballo desde o respecto a todas as orientacións sexuais e identidades de xénero e á persecución dos comportamentos LGTBIfóbicos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 14. *Protocolos e estudos*

(sen contido).

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, de Adición.

Débese engadir o seguinte texto:

“A Xunta de Galicia elaborará un protocolo para tratar íntegra e adecuadamente as persoas vítimas de agresións por causa de diversidade afectiva ou sexual.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 15. *Medidas de asistencia*

A Xunta de Galicia establecerá medidas de apoio, **conforme a lexislación vixente**, ás vítimas de violencia homofóbica, bifóbica ou transfóbica, para os efectos de corrixir a situación de discriminación e de minimizar ou eliminar as consecuencias na persoa discriminada, a través de asistencia social, psicolóxica e/ou médica e xurídica.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Medidas no ámbito laboral

Artigo 16. Medidas de promoción de igualdade de trato e non discriminación por parte da Administración autonómica galega

1. O órgano competente da Comunidade Autónoma en materia de traballo establecerá un programa de información e divulgación da normativa aplicable relativa á non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, así como programas de loita contra a discriminación, particularmente no ámbito laboral, dirixidos a empresarios e empresarias, sindicatos, autónomos, responsables da inspección laboral, do servizo público de emprego e de calquera centro de traballo.

2. A consellaría competente en materia de traballo promoverá a incorporación nos seus plans de formación en materia de igualdade de oportunidades, independentemente da orientación sexual ou da identidade de xénero das persoas.

3. A Administración autonómica promoverá a elaboración dun estudo no que se visibilice a situación das persoas LGTB e no que se garantan a confidencialidade e a privacidade dos datos das persoas, para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas que se deben adoptar para loitar contra a súa posible discriminación no ámbito das empresas públicas e privadas.

4. A Xunta de Galicia **poderá establecer** mecanismos de información e avaliación periódicos para previr, eliminar e corrixir toda forma de discriminación no ámbito do emprego.

5. Os servizos públicos de emprego, as súas entidades colaboradoras e as axencias de colocación autorizadas no ámbito da Comunidade Autónoma deberán velar especificamente polo respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego, **conforme a lexislación estatal competente nesta materia.**

6. A inspección de traballo, nos termos previstos na normativa aplicable, deberá garantir o respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.

7. No marco do diálogo social, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, a consellaría competente en materia laboral **promoverá a elaboración dun** protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

8. Nas bases reguladoras das subvencións públicas e nos pregos das contratacións poderase impoñer como condición especial de execución o respecto do protocolo establecido no punto anterior, de tal modo que o seu incumprimento poderá levar consigo o reintegro da subvención ou a resolución do contrato, de acordo co establecido nas citadas bases reguladoras e mais nos pregos.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº10, ao apartado 8 bis), de Adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"8 bis). A Xunta de Galicia, facendo uso das súas competencias en materia de emprego e a través do Servizo Galego de Colocación, elaborará un plan de inserción laboral e formación dedicado ás persoas LGTBI en risco de exclusión social e incidirá nas medidas que fomenten o emprego nas persoas transexuais."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 17. *Organizacións sindicais e empresariais Negociación colectiva*

A Xunta de Galicia, (...) instará as organizacións sindicais e empresariais **presentes no diálogo social** a que actúen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, se é o caso, en colaboración coas asociacións, organizacións e colectivos LGTB, a:

1. Impulsar medidas inclusivas para persoas LGTB nos convenios colectivos de todos os sectores laborais.
2. Informar sobre a normativa en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
3. Promover os dereitos e a visibilidade das persoas LGTB nos lugares de traballo.
4. Tratar de xeito específico a discriminación múltiple, na que a causa de orientación sexual e identidade de xénero se combine coa de sexo ou enfermidade, **discapacidade física ou intelectual ou pertenza a calquera étnia ou relixión**, así como a discriminación de persoas transexuais e transxénero, e incentivar a súa contratación.
5. A representación legal das persoas traballadoras velará pola promoción do dereito á igualdade de trato e non discriminación na empresa por razón das causas previstas nesta lei e, en particular, en materia de medidas de acción positiva, e pola consecución dos seus obxectivos.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 18. Dereito á igualdade de trato e non discriminación no traballo por conta propia

1. Non poderán establecerse limitacións, segregacións ou exclusións polas causas previstas nesta lei no acceso ao exercicio e ao desenvolvemento dunha actividade por conta propia.

2. O disposto no punto anterior será igualmente de aplicación, **conforme se recolle na normativa estatal competente**, aos pactos establecidos individualmente entre o traballador autónomo e o cliente para o que desenvolve a súa actividade profesional, así como aos acordos de interese profesional concertados entre as asociacións ou sindicatos que representan os traballadores autónomos e as empresas para as que desenvolven a súa actividade.

3. Os acordos de interese profesional **regulados pola lexislación estatal** aos que se refire o punto anterior poderán establecer, **na forma que nela se determine**, medidas de acción positiva para previr, eliminar ou corrixir toda forma de discriminación por razón das causas previstas nesta lei no ámbito do traballo por conta propia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

Medidas no ámbito familiar

Artigo 19. *Concepto de familia*

Enténdese por familia a derivada do matrimonio, da unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación de afectividade análoga á conxugal, rexistrada ou non, do parentesco, da filiación ou da afinidade, e tamén as unidades monoparentais, formadas por mulleres ou homes, con fillos e fillas ao seu cargo, de conformidade co disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº12, de Supresión.

Débase suprimir a seguinte expresión:

"a derivada do matrimonio"

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº13, de Adición.

Débase engadir *in fine* o seguinte texto:

"E tamén aquela onde exista unha relación de filiación con, polo menos, unha ou un adulto."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, de Adición.

Débase engadir o seguinte texto:

As familias LGTB terán os mesmos dereitos que o resto de familias en todos os ámbitos, xa sexan públicos ou privados. No ámbito sanitario, débese establecer a garantía de que os membros das unións estables de parellas, así como das parellas legalmente constituídas, con independencia da súa orientación sexual, opción afectivo-sexual ou identidade de xénero, teñan os mesmos dereitos que a normativa sectorial

sanitaria lles recoñece aos cónxuxes ou familiares máis próximos. Neste sentido, estableceranse protocolos de actuación específicos.

No que respecta ao consentimento para a substitución, considerarase familiar máis próximo a parella coa que a persoa enferma conviva, con total independencia da maneira coa que se constituíra.

Nos trámites e xestións relativos á identificación e disposición do cadaleito, enterramento, recepción de obxectos persoais da persoa finada ou calquera outra que sexa necesaria, poderá tomar parte, nas mesmas condicións que as parellas casadas, o outro membro da parella legalmente constituída.

Regulamentariamente, a Administración establecerá os mecanismos necesarios para que a documentación administrativa e os formularios médicos se adecúen ás relacións afectivas das persoas LGBT.

Garantirase a igualdade de acceso ás axudas para a aplicación de técnicas de reprodución asistida das parellas de lesbianas en igualdade de condicións que as parellas heterosexuais.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 20. Adopción

En aplicación da normativa estatal e autonómica vixente, garantirase que na valoración da idoneidade nos procesos de adopción non exista ningunha discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, ao apartado 2 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto, que será o 2 bis):

“2 bis). Todas as persoas, con independencia da súa orientación sexual, deben ser tratadas baixo os mesmos criterios durante un proceso de adopción que teña lugar no ámbito competencial e territorial de Galicia. O proceso de estudo e valoración da idoneidade debe ser formador, transparente e informador, de acordo cos novos modelos de familias.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 21. Medidas de prevención e a favor da visibilidade

1. Os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar.

2. En particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGTB máis vulnerables por razón de idade (adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 22. *Apoio a vítimas de discriminación*

Os servizos de apoio, asesoramento e mediación familiar dependentes da Xunta de Galicia, en coordinación cos servizos de LGTB municipais, alí onde existan, atenderán e darán apoio ás vítimas de discriminación no ámbito familiar, e terán especial consideración cos casos de violencia doméstica ou con aqueles en que se encontren implicados os grupos de persoas LGTB máis vulnerables referidos no punto 2 do artigo 21.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº14, de Adición.

Débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"En caso de existir presunta violencia, agresión ou maltrato físico ou/e psicolóxico, estes servizos servirán de asesoramento sobre as vías legais procedentes."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IV

Medidas no ámbito da saúde

Artigo 23. *Medidas de información e formación do persoal sanitario*

1. A consellaría competente en materia de sanidade garantirá a información sobre homosexualidade, bisexualidade e transexualidade que recolle a OMS a todas as persoas que traballan no ámbito da saúde, tanto no ámbito público coma no privado ou concertado, de modo que se garanta que os profesionais do ámbito sanitario coñezan a devandita información.

2. Para os efectos do punto anterior, a consellaría promoverá campañas e cursos de formación sobre os aspectos, problemas e necesidades específicas das persoas LGTB no ámbito sanitario.

3. Así mesmo, garantirá a inclusión na formación continua (...) de todo o persoal sanitario e, de forma transversal, na materia de diversidade afectivo-sexual, tanto no ámbito público coma no privado ou concertado, normalizando o libre desenvolvemento da sexualidade e das relacións sexuais.

4. (sen contido).

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº15, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir no punto 1, tras: "...garantirá a información sobre homosexualidade, bisexualidade e transexualidade..." a seguinte expresión:

"...e intersexualidade..."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº16, ao apartado 4, de Substitución.

Débase substituír o texto do punto 4 polo seguinte:

"4. Igualmente, a consellaría competente en materia de educación, impulsará a incorporación aos plans de estudo das titulacións universitarias de medicina, enfermaría, traballo social, terapia ocupacional e psicoloxía, así como dos ciclos de formación profesional en coidados auxiliares de enfermaría que inclúan a orientación sexual e a identidade de xénero nas súas diferentes dimensións."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, ao apartado 4, de Adición.

Débase engadir un novo punto, que vai ser o 4:

"4. A consellaría competente en materia de igualdade establecerá por regulamento medidas que garantan a igualdade das persoas LGTB da terceira idade, incluíndo a formación e a sensibilización do persoal involucrado na súa atención e o establecemento de protocolos en residencias e centros de día."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº17, ao apartado 4 bis), de Adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"4 bis). Os coñecementos formativos en materia afectivo-sexual e de diversidade de orientación sexual e identidade de xénero serán incluídos nos temarios das ofertas públicas de emprego para o persoal sanitario que aspire a unha praza como empregada ou empregado público no Servizo Galego de Saúde e na Consellería de Sanidade."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº18, ao apartado 4 ter), de Adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"4 ter). Invitarase as asociacións sociais pro dereitos LGTBI a participaren no Consello Social de Saúde para que acheguen a

súa visión respecto da diversidade sexo-xenérica nas políticas sanitarias."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, de Adición.

Débase crear un novo artigo 23 bis co seguinte contido:

“Artigo 23 bis. Dereito das persoas LGTB á saúde

O Sistema galego de saúde debe incorporar a perspectiva de xénero así como as necesidades específicas das persoas LGTB para garantir o seu dereito a recibiren atención sanitaria e servizos de saúde en condicións obxectivas e de igualdade.

O Sistema galego de saúde incorporará as seguintes liñas de actuación:

- a) Velar para que a política sanitaria sexa respectuosa coas persoas con diversidade afectiva e sexual e que non patoloxice directa ou indirectamente as persoas lesbianas, gays, bisexuais, e especialmente as transexuais, transxénero e intersexuais.
- b) Elaborar políticas de saúde pública que velen polo dereito á saúde das persoas LGTB, adaptando os protocolos establecidos se procede.
- c) Establecer estratexias para afrontar problemas de saúde específicos, e fortalecer a vixilancia epidemiolóxica sensible ás diferentes situacións de saúde e enfermidade das persoas LGTB.
- d) Crear mecanismos de participación das persoas e asociacións LGTB nas políticas relativas á saúde sexual.
- e) Eliminar os eixes de xénero á hora de determinar políticas de investigación, garantindo en especial o estudo e o desenvolvemento de políticas sanitarias específicas do colectivo LGTB, especialmente das lesbianas e persoas transexuais.
- f) Promover entre os colexios profesionais o establecemento de prácticas sanitarias ou de terapias psicolóxicas que se deben considerar lícitas, respectuosas e en cada caso aversivas coa diversidade afectiva e sexual e de identidade de xénero.

g) Garantir a igualdade de acceso ás axudas para a aplicación de técnicas de reprodución asistida das parellas de lesbianas en igualdade de condicións que as parellas heterosexuais.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 24. *Transexualidade*

Garantirase a atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº19, de Adición.

Débase engadir, tanto no título como no texto, tras a palabra "transexualidade" a seguinte expresión:
"e intersexualidade."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº20, de Adición.

Débase engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

"Quedarán garantido o acceso aos tratamentos médicos, cirúrxicos ou/e psicolóxicos para as persoas transexuais e intersexuais na sanidade pública galega."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Adición.

Débase engadir o seguinte texto:

"Incorporar no Sistema sanitario a atención integral a persoas transexuais, transxénero e intersexuais, definindo os criterios de acceso tanto ao tratamento hormonal coma á intervención cirúrxica. Terase en conta a vontade da persoa na presa da decisión, sempre e cando a súa vida non estea en perigo ou as condicións de saúde non poidan verse prexudicadas, de acordo coa normativa vixente.

Garantirase o dereito das persoas transexuais a decidiren sobre o seu proceso de modificación corporal durante todo o tratamento."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 25. *Campañas de educación sexual*

A consellaría competente en materia de saúde tratará de xeito específico a realidade LGTB nas campañas de educación sexual e de prevención de enfermidades de transmisión sexual, en concreto:

1. Garantirá a realización de campañas efectivas **de concienciación** respectuosas e inclusivas que abran todo o abano de infeccións de transmisión sexual e que terán como destinatarios específicos as e os adolescentes e as e os mozos LGTB, con especial consideración ao aumento das infeccións de VIH en relacións sexuais HSH.
2. Será a responsable da realización de campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxes postexposición, como segunda e última oportunidade para evitar a aparición do VIH, garantindo o seu acceso na sanidade pública e formando o persoal sanitario no dito tratamento.
3. **Igualmente, elaboraranse campañas destinadas ás mulleres que teñen relacións sexuais con outras mulleres, nas que se lles recomendará que acudan ao persoal de medicina de familia, ou aos especialistas que se lles indiquen, con regularidade.**

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº22, ao apartado 2, de Adición.

Débese engadir no punto 2, despois de "...acceso na sanidade pública...", a seguinte expresión:

"independentemente da súa situación administrativa"

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº23, ao apartado 2, de Adición.

Débese engadir no punto 2 *in fine* o seguinte texto:

"Ademais reforzará e manterá os comités antiSIDA polo seu importante labor na prevención e no tratamento do VIH/SIDA, tamén na comunidade LGTBI."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº24, de Adición.

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 25 bis. O acceso ás consultas e tratamentos de reprodución asistida na sanidade pública quedará garantido a todas as mulleres, independentemente da súa opción afectivo-sexual. Garantirase o acceso ás mulleres lesbianas e bisexuais."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Adición.

Engadir un novo artigo 25 bis, co seguinte contido:

"Artigo 25 bis. Prevención

A Administración garantirá o dereito de acceso aos métodos preventivos que garanten prácticas sexuais máis seguras e que permiten a detección eficaz das infeccións de transmisión sexual e o seu tratamento, tanto no ámbito público coma no privado.

Garantirase o dereito á prevención, detección eficaz e tratamento integral de acordo cos avances no ámbito sanitario e ao apoio comunitario das persoas afectadas por infeccións de transmisións sexual (ITS) e polas diferentes patoloxías que poden afectar as persoas LGBT, así como o establecemento da necesidade de realizar actividades periódicas de promoción da saúde, de prevención da enfermidade e de sensibilización en relación coas ITS, tanto para homes coma para mulleres."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO V

Medidas no ámbito da educación

Artigo 26. Inclusión da realidade LGTB nos plans de estudos

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual e transxénero nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTB. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei.

Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26 bis). **Actitudes.**

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 27. Formación do persoal docente

Estableceranse **actividades de formación para o persoal docente existente**. Así mesmo, incorporarase a realidade LGTB e os diferentes modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, **Psicoloxía e Dereito**.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 28. Divulgación da realidade LGTB entre as ANPA

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTB e aos diferentes modelos de familia.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 29. *Combater o acoso e favorecer a visibilidade*

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTB e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais e bisexuais.

3. (sen contido).

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº29, ao apartado 2, de Adición.

Débese engadir no punto 2 *in fine* o seguinte texto:

"Igualmente recibirán asesoramento sobre os mecanismos de denuncia en caso de acoso."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, de Adición.

Engadir un novo artigo 29 bis co seguinte contido:

"Artigo 29 bis. Inspección educativa

Os servizos de inspección educativa do departamento competente en materia de educación velarán polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos neste capítulo no Sistema educativo galego destinados a fomentar a igualdade real e a non discriminación do alumnado LGTB."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO VI

Medidas no ámbito da cultura e do ocio

Artigo 30. Centro de documentación

O órgano competente da Comunidade Autónoma neste ámbito favorecerá a creación dunha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre o feito LGTB e en materia de orientación sexual e identidade de xénero.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 31. Impulso a producións culturais

1. A consellaría competente en materia de cultura impulsará e apoiará as producións culturais que inclúan a realidade LGTB e potenciará referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade e transexualidade. (...)

2. A Xunta de Galicia promoverá e apoiará a realización, por parte dos gobernos locais, de actividades culturais para a concienciación e a normalización do feito LGTB, nomeadamente nos municipios rurais.

3. (sen contido).

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 32. Deporte

A práctica deportiva e de actividade física en Galicia desenvolverase en termos de igualdade e sen discriminación ningunha por razón de orientación sexual e identidade de xénero. Para tal efecto, os poderes públicos colaborarán entre si e coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, públicas e privadas.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Capítulo VI bis). **CAPÍTULO VI ter) Medidas en materia de xuventude**

Artigo 32 bis

- 1. A consellaría competente en materia de xuventude continuará desenvolvendo programas destinados á información e ao asesoramento da mocidade en materia de orientación sexual e identidade de xénero.**
- 2. Garantirase, desde unha óptica transversal, a continuación do labor formativo en contextos formais e non formais, nos que se traballe o valor da diversidade e o respecto cara a ela.**
- 3. Nestas accións visibilizarase a realidade LGTB na mocidade e traballaranse aspectos relacionados coa convivencia e a non discriminación, en función de aspectos relacionados coa identidade ou coa orientación sexual.**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO VII

Medidas no ámbito da comunicación

Artigo 33. *Fomento da igualdade nos medios de comunicación*

A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a través daqueles en que participe ou aos que subvencione, garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de todas as persoas na sociedade. Para estes efectos, promoverase:

- A programación de campañas nos medios de comunicación destinadas a toda a sociedade sobre a importancia e a necesidade da participación social e política de todas as persoas.
- A adopción, mediante a autorregulación, de códigos de boas prácticas tendentes a transmitir o contido dos valores constitucionais sobre a igualdade de todos, sen discriminación.
- A utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes non discriminatorias, especialmente no ámbito da publicidade.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, ao apartado 1, de Adición.

Artigo 33.1. Débese engadir ao final do punto 1 o seguinte:

“No sentido do expresado anteriormente, a Xunta de Galicia promoverá acordos e convenios de autorregulación en todos os medios de comunicación social.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, de Adición.

Débase crear un novo CAPÍTULO VII BIS, Medidas de acción social, co seguinte contido:

"CAPÍTULO VII BIS. Medidas de acción social
Artigo 33 bis. Medidas apoio e non discriminación

A Administración debe impulsar políticas estables que teñan como obxecto a prevención do suicidio, a autolesión, mutilacións ou calquera atentado contra a saúde, atendendo aos criterios da OMS, así como o illamento psicosocial ou outras situacións de vulnerabilidade ou risco en mozas e adolescentes lesbianas, gays, transexuais, transxénero e intersexuais.

A Administración impulsará un apoio para adolescentes e mozas lesbianas, gays, bisexuais e transexuais que fosen expulsados dos seus fogares ou ben marchasen voluntariamente a causa de situacións de maltrato e presión psicolóxica.

Débense establecer medidas específicas para as persoas LGBT que pertencen ao colectivo de orixe inmigrada, de xente maior, de xente nova, do mundo rural, de xente con diversidade funcional, de etnia xitana e das persoas que exercen a prostitución, así como doutras en risco de exclusión social, para evitar situacións de discriminación, risco e vulnerabilidade. Os servizos sociais, e especificamente as residencias de anciáns, tanto públicas coma privadas, deben velar para que non se produzan situacións de discriminación derivadas da realidade vivencial das persoas LGBT, tanto no ámbito individual como se conviven en parella, e tamén se fomentará o respecto á diversidade afectivo-sexual entre as persoas usuarias dos servizos sociais.

Nas residencias ou noutros servizos que distingan os espazos por sexos, identifícaranse as persoas transexuais de acordo co xénero sentido.

Débense establecer os mecanismos necesarios para garantir que todas as persoas LGBT teñan o dereito a recibir toda a información e a asistencia xurídica especializada relacionada coa discriminación e cos diferentes tipos de violencia exercidas contra as persoas LGBT.

Garantírase a visibilidade e non discriminación das persoas transexuais a través das seguintes actuacións:

- a) No ámbito das administracións públicas, no ámbito educativo e universitario, deben determinarse as condicións para que as persoas transexuais sexan tratadas e chamadas de acordo co nome do xénero co que se identifiquen, aínda que non modificaran civilmente o seu sexo.
 - b) Débense determinar por regulamento as condicións a través das cales as persoas transexuais poidan modificar o nome que aparece nos diferentes rexistros administrativos.
 - c) Deberase garantir en todo caso o dereito á consulta e información específicas para persoas transexuais, transxénero e intersexuais en aspectos como formación educativa, acceso ao mercado de traballo, tratamentos hormonais e cirurxías, saúde sexual e reprodutiva, etc.
 - d) Deberanse promover medidas directas de fomento da contratación de persoas transexuais en risco de exclusión á empresa ordinaria, así como difundir as oportunidades e vantaxes da súa contratación.
 - e) As persoas transexuais poderán acollerse ao que se establece nesta lei sen que sexa necesario ningún diagnóstico de disforia de xénero nin ningún tratamento médico."
-

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33 bis). **Programas e campañas de apoio á igualdade de todas as persoas.**

A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, garantirá e promoverá, por medio daqueles en que participe ou aos que subvencione, condicionando a efectividade da subvención, a emisión de programas tendentes a erradicar todas as formas de discriminación e, en concreto, por razóns de orientación sexual e identidade de xénero.

A Xunta de Galicia velará para garantir, en todas as campañas institucionais de publicidade, o respecto pola orientación sexual e pola identidade de xénero de todas as persoas.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33 ter). **Fomento da igualdade nas novas tecnoloxías**

A Xunta de Galicia promoverá o acceso de todas as persoas ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade de oportunidades. Asemade garantirá a transmisión, a través dos contidos desas novas tecnoloxías, dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada da sociedade.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO III.
Réxime sancionador

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO I

(sen contido)

Artigo 34.

(sen contido)

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 35.

(sen contido)

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

(sen contido)

Artigo 36.

(sen contido)

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 37. Criterios de gradación das sancións

(sen contido)

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 38. Competencia sancionadora

(sen contido)

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, de Adición.

Débese crear unha nova disposición adicional primeira co seguinte contido:

“Disposición adicional primeira. Programa de prevención e eliminación da discriminación
O departamento competente en materia de igualdade coordinará de xeito transversal cos outros departamentos do Goberno galego a elaboración dun programa anual de prevención e eliminación da discriminación. O dito programa será remitido ao Parlamento galego”.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, de Adición.

Débase crear unha nova disposición adicional segunda co seguinte contido:

“Disposición adicional segunda. Estudo sobre o acoso escolar
A consellaría competente en materia de educación levará a cabo un estudo sobre o acoso escolar que sofre o estudiantado LGTB nos centros escolares e nas universidades galegas e presentará as súas conclusións no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº22, de Adición.

Débese crear unha nova disposición adicional terceira co seguinte contido:

"Disposición adicional terceira. Información ao Parlamento de Galicia
O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a aplicación desta lei."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*
regulamentario

Autorízase a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. *Facultades do Valedor do Pobo*

Facúltase a institución do Valedor do Pobo como autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas nesta lei, tanto no sector público coma no privado, mediante o exercicio das seguintes funcións:

1. Prestar apoio ás persoas que puidesen ter sufrido discriminación para a tramitación das súas queixas ou reclamacións.
2. Constituírse, co consentimento expreso das partes, en órgano de mediación ou conciliación entre elas, en relación con violacións do dereito de igualdade de trato e non discriminación, agás as que teñan contido penal ou laboral.
3. Iniciar de oficio ou a instancia de terceiros, investigacións sobre a existencia de posibles situacións de discriminación que revistan unha especial gravidade ou relevancia, agás as que revistan carácter de infracción penal, en cuxo caso deberá remitir o investigado á Fiscalía ou á autoridade xudicial.
4. Instar a actuación das administracións públicas que correspondan para sancionar as accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción administrativa en materia de igualdade de trato e non discriminación.
5. Colaborar co Defensor del Pueblo e coas institucións e organismos públicos equivalentes doutras comunidades autónomas e internacionais.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

1

A Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional estableceu que, aínda que o artigo 14 non contén unha referencia explícita á discriminación derivada da orientación sexual do individuo, esta é, indubidablemente, unha circunstancia incluída na cláusula “calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”, á que debe ser referida a interdicción da discriminación.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, ao recoller a obriga que corresponde aos poderes públicos de “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Desde a Declaración Universal de Dereitos Humanos, que establece que “toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”, numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

Este recoñecemento implícito da Declaración Universal faise explícito respecto das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións

específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta. A ONU e a UE estableceron principios internacionais respecto da homosexualidade, vinculantes para os seus Estados Membros. No ano 1994, o Comité de Dereitos Humanos de Nacións Unidas ditaminou que a prohibición e consecuente penalización dos comportamentos homosexuais vulneraban os dereitos á privacidade e á non discriminación.

No ano 2000, a UE, no artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, censura legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual: “Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual”.

A Resolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gays, insta a todos os estados membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas, en todas as disposicións xurídicas e administrativas. Neste sentido, tamén se ten pronunciado a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006, que pide aos estados membros que tomen calquera medida que consideren adecuada para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual. Existe, como se acaba de sinalar, abundante lexislación internacional que consagra a igualdade como principio fundamental, e particularmente a igualdade independentemente da orientación sexual dos individuos.

No ano 2011, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou a 1ª resolución, na que se recoñecen os dereitos do colectivo de LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero. Nesa resolución, o Consello facíalle ademais unha petición expresa á Oficina do Alto Comisionado da ONU para os Dereitos Humanos, co fin de documentar as leis discriminatorias e os actos de violencia por razón de orientación sexual e identidade de xénero en todo o mundo e de propoñer as medidas que se deben adoptar.

Dese informe resultou que os gobernos e os órganos intergubernamentais descoidaran a miúdo a violencia e a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero, e concluíron que o Consello debía promover “o respecto universal pola protección de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas, sen distinción de ningún tipo, e dunha maneira xusta e equitativa” e establecer unha serie de recomendacións aos Estados Membros, entre outras, que “promulguen lexislación ampla de loita contra a discriminación que inclúa a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero entre os motivos prohibidos e recoñeza as formas de discriminación concomitantes e que velen por que a loita contra a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero se inclúa nos mandatos das institucións nacionais de dereitos humanos”.

Nos últimos anos téñense producido avances importantes no que atinxe á protección e ao recoñecemento dos dereitos das persoas LGTB, de maneira que son moitos os países que recoñecen o dereito a contraer matrimonio entre persoas do mesmo sexo ou que están considerando medidas semellantes nas súas cámaras lexislativas.

España incorporou á súa normativa directivas europeas e ratificou tratados e protocolos internacionais que prohiben toda discriminación por causa da orientación sexual. Na lexislación nacional cabe destacar a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que adecua a lexislación nacional á Directiva 2000/43/CE e á Directiva 2000/78/CE, e procede a súa transposición ao noso dereito. Esta lei busca a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación e fai mención expresa á realizada por razón de orientación sexual. Mediante as medidas incluídas nesa lei estableceuse un marco legal xeral para combater a discriminación en todos os ámbitos, abordouse a definición legal da discriminación, directa e indirecta, e modernizouse a regulación da igualdade de trato e da non discriminación no traballo; así a Lei 13/2005, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, ou a Lei 3/2007, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

En Galicia, os principios de liberdade e igualdade do individuo aparecen recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia, e son moitas as normas que consagran a igualdade, independentemente do estado civil ou da

orientación sexual; por citar algunha, a Lei de dereito civil de Galicia (2/06).

Nos informes da Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea elaborados nos anos 2008 e 2009 destácanse os importantes avances dos últimos anos, e outro informe máis recente revela que o 88 % dos españois considera que a homosexualidade debe ser aceptada pola sociedade, de maneira que as distintas formas de orientación sexual contan cun alto grao de aceptación, por encima incluso de moitos países do noso contorno. Con todo, e aínda que este nivel de aceptación se incrementou de forma apreciable nos últimos anos, aínda atopamos actitudes discriminatorias que nos obrigan a seguir traballando na procura dunha sociedade cada vez máis igualitaria.

A sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Esta lei persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual; trátase de eliminar calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no eido do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo.

2

Esta lei estrutúrase en tres títulos, nove capítulos e tres disposicións derradeiras.

O título I establece as disposicións xerais para a actuación dos poderes públicos na defensa dos dereitos do colectivo LGTB e na promoción da súa visibilidade.

O título II recolle as medidas que se deben adoptar nos ámbitos policial e da xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e do ocio e da comunicación para a promoción da igualdade, visibilidade e non discriminación do colectivo LGTB.

Finalmente, a disposición derradeira primeira faculta a Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario desta lei. A disposición derradeira segunda faculta o Valedor do Pobo para se constituír na autoridade independente que vele pola defensa dos dereitos establecidos nesta lei. E a disposición derradeira terceira establece o prazo para a súa entrada en vigor.

EMENDAS MANTIDAS:



-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Adición.

Exposición de motivos. Parágrafo 5

Débese engadir na liña 11, despois de “mozos”:

“e mozas”
